


# Programación de Francés

# Segunda lingua estranxeira

# CPI Aurelio Marcelino Rey García

# (Cuntis)

Vanessa Martínez Gómez

**ÍNDICE**


1. Introdución....3
2. Contextualización....5
2.1. O Departamento de Francés no CPI....5
2.2. Perfil do alumnado....5
2.3. A contorna: a vila de Cuntis....6
3. Contribución da materia no desenvolvemento das competencias claves e dos obxectivos....8
3.1. Competencias claves....8
3.2. Obxectivos ....12
4. 1ºESO....14
4.1. Concreción dos obxectivos....14
4.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe....16
4.3. Secuenciación e temporalización....27
4.4. Avaliación....28
4.4.1. Mínimos esixibles....28
4.4.2. Procedementos de avaliación....29
4.4.3. Instrumentos de avaliación....32
4.4.4. Criterios de cualificación....33
4.4.5. Mecanismos de reforzo e materia pendente....38
4.4.6. Avaliación inicial....38
5. 2ºESO....39
5.1. Concreción dos obxectivos....39
5.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe....41
5.3. Secuenciación e temporalización....53
5.4. Avaliación....54
5.4.1. Mínimos esixibles....54
5.4.2. Procedementos de avaliación....55
5.4.3. Instrumentos de avaliación....57
5.4.4. Criterios de cualificación....59
5.4.5. Mecanismos de reforzo e materia pendente....63
5.4.6. Avaliación inicial....64
6. 3ºESO....65
6.1. Concreción dos obxectivos....65
6.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe....66

6.3. Secuenciación e temporalización.....79
6.4. Avaliación.....80
6.4.1. Mínimos esixibles.....80
6.4.2. Procedementos de avaliación.....81
6.4.3. Instrumentos de avaliación.....84
6.4.4. Criterios de cualificación.....85
6.4.5. Mecanismos de reforzo e materia pendente.....89
6.4.6. Avaliación inicial.....90
7. 4ºESO.....91
7.1. Concreción dos obxectivos.....91
7.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.....93
7.3. Secuenciación e temporalización.....105
7.4. Avaliación.....106
7.4.1. Mínimos esixibles.....106
7.4.2. Procedementos de avaliación.....107
7.4.3. Instrumentos de avaliación.....109
7.4.4. Criterios de cualificación.....111
7.4.5. Mecanismos de reforzo e materia pendente.....115
7.4.6. Avaliación inicial.....116
8. Resumo das unidades didácticas.....118
8.1. 1ºESO.....118
8.2. 2ºESO.....119
8.3. 3ºESO.....120
8.4. 4ºESO.....121
9. Convocatoria extraordinaria.....122
10. Metodoloxía.....122
11. Materiais e recursos.....125
12. Medidas de Atención á diversidade.....126
13. Elementos transversais e conmemoracións.....128
14. Participación aos proxectos de centro.....129
14.1. Contribución ao Plan TIC.....129
14.2. Proxecto Lector.....130
14.3. Contribución ao Plan de Convivencia.....130
15. Actividades complementarias e extraescolares.....131
16. Indicadores de logro e sistema de avaliación da programación.....131
17. O contexto Covid.....134

## 1. INTRODUCIÓN

A presente programación didáctica está dirixida ao alumnado da ESO do CPI Aurelio Marcelino Rey García.

Debemos ter en conta, en primeiro lugar, a obrigatoriedade da materia de francés nos cursos de primeiro e segundo da ESO. Polo tanto, temos presente a posibilidade de nos atopar cunha gran diversidade de capacidades e motivacións.

Estas circunstancias condicionan moito a nosa maneira de traballar e obrígannos a buscar un difícil equilibrio entre a calidade do ensino, o correcto desenvolvemento dos currículos estipulados, o fomento da continuidade na aprendizaxe desta lingua mediante a captación da motivación e do interese do alumnado, e a necesaria atención á diversidade.

A necesidade de iniciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras dende idades temperás dentro do contexto europeo vén avalada por razóns educativas, culturais e sociais.

Por outra banda, o feito de que o alumnado se familiarice con outros códigos contribuirá ao seu desenvolvemento integral, alén dun maior coñecemento da súa propia lingua, o que facilitará o entendemento entre falantes e culturas, e favorecerá actitudes de tolerancia e respecto na comunidade internacional.

Seguindo as indicacións do Consello de Europa, a finalidade que se persegue na aprendizaxe da lingua estranxeira é que o alumnado acade de forma progresiva graos de competencia comunicativa que lles permitan realizar unha serie de actividades. Con este fin, proporcionarase aos alumnos os coñecementos necesarios para lograr un nivel de competencia que continuará desenvolvéndose na Educación Secundaria Obrigatoria. Dada a complexa armazón que supón o proceso de ensino e aprendizaxe da lingua estranxeira, no que inflúen factores cognitivos, afectivos e sociais, consideraranse enfoques cognitivos e socioculturais favorecedores da aprendizaxe que teñan significado para o alumnado.

Deste xeito, os contidos organizaranse en torno a dous eixes:

- Habilidades comunicativas e usos da lingua.
- Aspectos socioculturais.

O primeiro inclúe as destrezas lingüísticas e comunicativas así como aqueles usos da lingua demandados polas situacións de comunicación.

O segundo refírese a aspectos sociais e culturais tales como fórmulas de relación persoal e social, formas de organización social, costumes e tradicións, fomentando o esforzo e a confianza na propia capacidade para aprender a lingua estranxeira.

En Europa, numerosos países utilizan o francés como lingua nacional. Daquela, a aprendizaxe dos idiomas é indispensábel, e o francés converteuse, sen dúbida, nunha baza importante para o desenvolvemento neste territorio. Ademais disto -ser un idioma rico e moi estendido- Francia é un país veciño do noso.

Para a elaboración da programación seguimos a ***lexislación*** vixente:

*Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (téñase en conta o período de aplicación da LOMLOE aos efectos da derrogación definitiva da LOMCE).*

*Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*

*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*RD 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral.*

*Lei 4/2019, de 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria.*

*Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.*

*Calendario escolar 2021/2022. ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1. O DEPARTEMENTO DE FRANCÉS NO CPI

O Departamento de Francés é unipersoal polo que imparto todos os cursos, desde primeiro da ESO ata 4º da ESO que se distribúen da seguinte maneira:

| Nivel | Número de grupos | Número de alumnado | Sesións á semana |
|---|---|---|---|
| 1ºESO | 2 | 24 | 4 |
| 2ºESO | 2 | 26 | 4 |
| 3ºESO | 1 | 10 | 2 |
| 4ºESO | 1 | 5 | 3 |

Polo tanto, imparto 13 horas de francés ao que hai que engadir unha hora de Xefatura de departamento.

Por outra banda e coa finalidade completar o horario, imparto Lingua Galega e Literatura de terceiro da ESO (6 horas). Polo tanto, dispoño dun horario completo.

### 2.2. PERFIL DO ALUMNADO

A idade do noso alumnado oscila entre os 11 e os 16 anos. Así, impartimos clase a alumnos na etapa da adolescencia, con cambios físicos, afectivos e intelectuais. Nesta etapa o alumnado forma a súa personalidade e, neste sentido, os profesores temos unha responsabilidade importante.

A crianza de Cuntis é bastante activa en canto a actividades culturais da vila e da contorna. A meirande parte do alumnado segue os estudos post-obrigratorios, sexa en Caldas de Reis, sexa en A Estrada, vilas máis grande onde hai un IES. Do mesmo xeito, a realización de ciclos, medios e superiores están en auxe entre a nosa crianza.

Por outra banda, existen algúns factores que dificultan a aprendizaxe que temos que ter en conta:

- Problemas de tipo afectivo, a inestabilidade emocional inherente á adolescencia.
- As actividades extraescolares, como o deporte (moitos dos nosos alumnos practican algún deporte maioritariamente, o fútbol, baloncesto ou atletismo), baile galego (a vila ten dous grupos de baile), música tradicional e teatro, o que supón unha carga horaria importante para eles e, a miúdo dificulta para que realicen os traballos académicos, como estudo ou repaso, na casa.
- Boa conexión a Internet. O alumnado do CPI vive sexa na vila, sexa nas aldeas do concello e non todas as aldeas dispoñen dunha eficaz conexión a Internet polo que se terá que ter en conta á hora de planificar e realizar actividades ligadas ás TIC.

O noso alumnado, para a materia de Francés, ten unha características peculiares a ter en conta:

✓ Os alumnos de 1º da ESO xa impartiron esta materia en Primaria, cunha hora semanal. Non hai ningún caso de alumno bilingüe.

✓ Os grupos teñen 2 sesións semanais de clase de 1º a 3º, cunha duración de 50 minutos. Agás en 4º de ESO que conta con 3 sesións semanais.

✓ Cada ano hai casos de alumnos que marchan para outro IES ou para un

centro privado.

✓ En 1º de ESO hai entre 5 e 10 alumnos que previsiblemente quedarán exentos da

Segunda Lingua Estranxeira, a falta de confirmación cos pais, en aplicación da

lei vixente, por presentar serias dificultades de aprendizaxe.

✓ En 2º da ESO hai uns 10 alumnos que quedarán exentos da Segunda Lingua

Estranxeira, en aplicación da lei vixente, por presentar serias dificultades de aprendizaxe e quedar exentos xa en 1º da ESO.

✓ Os grupos de terceiro e cuarto da ESO son pequenos dado que parte do alumnado abandonan a lingua en canto sexa unha optativa.

## 2.3. A CONTORNA: A VILA DE CUNTIS

O concello de Cuntis componse do núcleo urbano e das aldeas da contorna e conta con algo máis de 4500 habitantes.




A súa poboación é bastante envellecida:



Polo que refire á contorna, a vila de Cuntis ten infraestruturas a ter en conta:

• A biblioteca Municipal con acceso a Internet a disposición do público en horario de tarde.

• A OMIX que contén “aulas” das que se poden dispoñer para realizar actividades, así como dun auditorio.

• Os castros de Castrolandín e Sebil

• As augas dos mananciais do concello de Cuntis son sulfuro-sódicas e hipertermais, acadando até os 64 °C. O seu uso terapéutico está recomendado contra a reuma, a gota ou a psoríase. Antigamente tamén era recomendado para curar a sífilis. Algúns dos mananciais están explotados por empresas privadas, a pesar das protestas veciñais que defenden o seu carácter público. Destacan os mananciais de Fogo de Deus (ou do Foxo, ou A Burga), de uso público; o da Carreira do Conde, de uso privado; o da Rúa Real; As Eiras (Eira Vella e Eira Nova); Os Forniños (Forno Novo e Vello); a Burga do Castro e A Barreira.

• Parque da Feira: ampla zona de recreo, antigamente coñecida como As Codeseiras. Nel celébranse festas e romarías e sitúase o pombal e o hórreo da casa reitoral, o monumento homenaxe aos Canteiros, esculpido polo artista local Maxín Picallo Durán e un busto de Roberto Blanco Torres.

• Parque de Maráns: nel está o Monumento ao Sagrado Corazón de Xesús, esculpido por Francisco Asorey. Desde el contémplase a vila de Cuntis desde un miradoiro.

• Parque do Castro: situado á beira do río Gallo, é privado.

• O Penedo: unha poza do río Umia próxima á Ponte Taboada e ó lugar de Fontecova. Na zona consérvanse muíños. Era lugar de baño nos meses do verán. Entre as aldeas de Vilameán e O Casal pódese ver unha casona de cantaría cun gran hórreo, a igrexa parroquial e o calvario, rodeados dunha carballeira onde se celebran as romarías.

• Lagoas de Zo: situadas entre os lugares de Zo e Mesego, son interesantes por estaren localizadas nunha paraxe natural con amplas vistas do val de Cuntis, Salnés e terras de Montes e A Estrada.

• Senda Peonil da Ponte do Ramo: Trátase dunha ruta circular de pequeno percorrido que ten inicio e fin na Ponte do Ramo. Enlaza nun tramo coa PR-G 20 (Circular de Cuntis) e noutro coa GR-94 (Rural de Galicia).

No seu comezo discorre pola beira do Umia e máis adiante segue a vía romana que atravesa o Regato do Foxo en dirección aos petróglifos de Cequeril.

• As campaíñas: Unha das cascadas do río Patela, no camiño do castro de Castrolandín.

• Monte Xesteiras:

• Vía Mariana: camiño polo que pasa unha das etapas do Camiño de Santiago.(Etapa 11 Campo Lameiro-Cuntis. Etapa 12 Cuntis-Padrón)

# 3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA NO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES E DOS OBXECTIVOS

## 3.1. AS COMPETENCIAS CLAVES

A formación académica do alumnado transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, mais a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das tecnoloxías da información e a comunicación permitirá acceder a este instrumento para obter a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade).

Se ademais temos en conta que moitas veces é imposíbel tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesa competencia, a de aprender a aprender. O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no seu artigo 3, define cales son as competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Dende un punto de vista xeral, tendo en conta que máis adiante describiremos de maneira pormenorizada como se relacionan os distintos contidos coas distintas competencias clave, podemos sinalar que, obviamente, a materia de Francés 2ª lingua estranxeira incide de maneira especial na competencia en comunicación lingüística; aínda que tamén supón una ferramenta esencial para outras aprendizaxes non lingüísticas.

A inclusión das competencias claves no currículo educativo ten como obxectivo conseguir, mediante a súa adquisición, integrar as aprendizaxes formais, propias de cada área, coas non formais, así como poñer en relación os contidos aprendidos entre as diferentes áreas e utilizalos en diferentes situacións e contextos.

***Competencia en Comunicación Lingüística. CCL***

- Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de xeito competente nas diferentes esferas da actividade social.
- Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.
- Ser quen de se expresar en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiadas a cada situación.
- Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
- Recoñecer e aprender as regras de funcionamento da lingua francesa a partir dos idiomas que xa coñece.

***Competencia Dixital.CD***

- Acceder a todo tipo de información que se poida atopar en francés.
- Empregar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, en intercambios...
- Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.
- Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos

***Competencia Sociais e cívicas. CSC***

- Empregar o francés como canle de comunicación e transmisión cultural.
- Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais entre falantes de distintas linguas.
- Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.

- Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as aportacións dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender de e tamén cos outros.

### *Conciencia e expresións culturais. CCEC*

- Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron desde distintas áreas á manifestación artística.
- Expresar en francés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.
- Elaborar traballos creativos individualmente e en grupo.
- Realizar representacións de simulacións e narracións.

### *Competencia para Aprender a Aprender. CAA*

- Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.
- Ser consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc. para afrontar o reto da aprendizaxe.

### *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. CSIEE*

- Adquirir conciencia de valores e actitudes tales como a responsabilidade, a perseverancia, o autocoñecemento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, asumir riscos...
- Ser capaz de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións tanto no plano individual coma grupal.
- Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, autoavaliación, conclusións e posibles melloras.
- Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Poñerse no lugar do outro, valorar as súas ideas, dialogar e negociar, ser asertivos e traballar de forma cooperativa e flexible, empatizar, ter espírito de superación e asumir riscos.

***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CMCCT***

- Manexar as Novas Tecnoloxías
- Empregar as redes sociais de xeito responsable
- Traballar coas TIC
- Edixgal

**Conciencia e expresións culturais. CCEL**

- Coñecemento das características do estado francés
- Respecto da súa cultura propia e das outras culturas
- A Francofonía
- A gastronomía
- A música

No noso sistema educativo considérase que as competencias claves que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes: Nunha competencia non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela, sobre todo nesta e para esta. Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias -e non só na institución escolar- constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, de xeito que sexa capaz de a utilizar en momentos precisos e en situación distintas.

A linguaxe é, a estes efectos, paradigmática. Daquela, calquera desas competencias poden acadarse, se non en todas se na maioría das materias curriculares -isto esixe a coordinación entre departamentos-, e, polo tanto, poderá empregar estas competencias en todas estas materias, independentemente de cal ou cales llas tivesen proporcionado (transversalidade).

Ser competente debe garantir que se consigan determinadas aprendizaxes, pero tamén, non o esquezamos, que se logren outras, tanto na propia institución escolar coma fóra dela, polo que a aprendizaxe será permanente. Así, por exemplo, un alumno será quen de se comunicar en situacións moi diversas, algunhas das cales nin sequera imaxina.

Non todas as competencias citadas anteriormente teñen a súa presenza no currículo desta materia.

Si que a teñen, sobre todo, a competencia en comunicación lingüística, a competencia en aprender a aprender, a competencia social e cívica, a competencia matemática, competencia dixital e a competencia expresións culturais, sen descartar que as demais tamén poidan ser traballadas nalgún momento do curso, como, por exemplo, a de sentido da iniciativa e espírito, especialmente.

A avaliación de competencias claves é un modelo de avaliación distinto ao dos criterios de avaliación, tanto porque se aplica en diferentes momentos doutras avaliacións, como porque a súa finalidade, aínda que complementaria, é distinta. Se partimos de que as competencias claves supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posíbeis de aplicación.

Nestas situacións o habitual é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada -todo tipo de contidos- pero responda, sobre todo, a situacións prácticas. Deste xeito, cando avaliamos competencias estamos a avaliar preferentemente, aínda que non só, procedementos e actitudes, de aí que as relacionemos cos criterios de avaliación con maior carácter procedemental e actitudinal.

## 3.2. OBXECTIVOS

Segundo o D 86/2015, do 25 de xuño no seu artigo 10. Describe os obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.

Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

# 4. 1ºESO

## 4.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

O obxectivo para este nivel consiste en garantir, polo menos, a adquisición das aptitudes descritas polo CECR para o nivel A1.

***Comprensión oral***

- ❖ Escoitar e identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis relevante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar.
- ❖ Escoitar e entender globalmente mensaxes nun continuo: intervencións breves de personaxes nun parque público, berros, onomatopeas. Nunha festa un rapaz presenta a súa familia; na radio, consellos para usar o ordenador; nunha páxina web, unha moza conta a súa axenda diaria. Escoitar e entender globalmente cancións moi sinxelas, feitas en base ao léxico que domina o alumnado.
- ❖ Comprender, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións e opinións formuladas en termos moi sinxelos sobre asuntos prácticos da vida do día a día ou sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, cun interlocutor que estea disposto a repetir ou reformular o dito.

- Escoitar e entender globalmente conversas curtas en situacións da vida cotiá, isto é, na rúa, con outras nenas e nenos, nunha cafetería, nunha celebración -aniversario-, nos encontros con alumnos ou alumnas que acaben de chegar, por medio de chats, videoconferencias...

### *Produción oral*

- Tomar a palabra individualmente e manter intercambios nos límites das posibilidades duns principiantes.
- Mellorar a pronunciación mediante a repetición, individualmente ou en grupo, de cancións, secuencias, trabalinguas. Memorizar e interpretar pequenas escenas dialogadas.
- Expresarse de maneira continua, presentándose; presentando os compañeiros e describíndoos; falando da súa axenda cotiá, dos seus gustos e preferencias, dos seus hábitos, da súa familia; comentando ilustracións; imaxinando situacións das que serían os protagonistas.
- Interactuar en contextos concretos: manter intercambios orais en relación con situacións e ilustracións; xogar, adiviñar; adoptar o papel de personaxes, recrear situacións utilizándoas fórmulas presentadas.
- Nas tarefas finais, iniciarase á comunicación absolutamente auténtica: fabricar cuñas publicitarias; presentar a súa vila ou aldea a estudantes franceses; organizar un concurso de coñecementos sobre Francia; expoñer diante da clase traballos preparados previamente por escrito; pouco a pouco, falar en francés entre alumnos para preparar as tarefas.

### *Comprensión escrita*

- Iniciarse na comprensión de textos escritos de natureza diversa e reais: anuncios, carteis e documentos auténticos funcionais (axenda, carné de correspondencia, carné de identidade, mapa xeográfico, sobre para a correspondencia postal, mapa das zonas escolares); prensa e documentos informativos formais (tests; reportaxe fotográfica; artigo ilustrado).
- Facer buscas en Internet para completar a información dada no libro de texto sobre un autor literario, os símbolos de Francia, as cidades francesas bañadas por un río, os lugares turísticos de París, os campamentos de vacacións.
- Comprender documentos comunicativos persoais menos formais: un diario persoal, un caderno de viaxe con fotos comentadas, testemuños de xente nova durante as vacacións.

### *Expresión escrita*

- Iniciación á produción escrita para unha expresión mínima “utilitaria”: escribir no seu caderno a data cada día de clase, o horario, e, xa que logo, personalizalo tamén con palabras francesas; elaborar un cartel para anunciar o programa de actividades dunha fin de semana entre compañeiros; coller apuntamentos como apoio para facer exposicións orais.

## 4.2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

| 1º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | |
| a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.<br>▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes dotexto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 1º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | | |
| a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | B2.1. Estratexias de produción: Planificación:<br>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>– Execución:<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase | B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br>▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 1º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | previamente.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos<br>– Lingüísticos:<br>Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.<br>– Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.<br>– Petición de axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, | | SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | |

| 1º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | puah, etc) de valor comunicativo.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara asi mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. | | SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | | |
| a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de | B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.<br>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.<br>▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, | SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |

| 1º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. | SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | | |
| a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | B4.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos de | B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.<br>▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. | SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

**1º DA ESO**

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| | modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva. | ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | |
| | | | SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa. | CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 1º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. | ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |

| 1º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbalelemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis | ▪ B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.<br>▪ B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o | | ▪ SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | |

## 4.3. SECUENCICACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE 0: Segunda quincena de setembro

UNIDADE 1:  Mes de novembro

UNIDADE 2: Mes de novembro.

UNIDADE 3: Mes de decembro e xaneiro

UNIDADE 4: Mes de xaneiro e febreiro

UNIDADE 5: Mes de marzo e abril

UNIDADE 6 : Mes de abril e maio

UNIDADE 7: Unidade de repaso e recuperación no mes de xuño

## 4.4. AVALIACIÓN

### 4.4.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

***Elementos morfosintácticos***

- qui est-ce? C'est…
- v. s'appeler
- v. être, avoir, aller, venir, faire
- o xénero dos adxetivos
- verbes en -er au présent de l'indicatif
- qu'est-ce que c'est? C'est…
- .Les articles indéfinis, définis, contractés
- Adjectifs possessifs
- Il y a, On = nous
- A negación: ne….pas
- A interrogación. Quel? Oú? Comment? Pourquoi…? Parce que
- O imperativo
- As preposicións de lugar

***Léxico***

- Adxectivos de cor
- Adxectivos cualificativos para unha descrición
- Materiais escolares
- Meses e días da semana
- Os números de cero a cen
- A familia
- Empregos
- O corpo humano
- A casa
- Momentos do dia
- O tempo
- Os animais

***Comunicación oral e escrita***

- Identificar a alguén, saudar
- Presentarse e presentar a alguén
- Describir algo a ou a alguén
- Expresar gustos
- Indicar a cantidade

- Indicar a data
- Pedir e dar información
- Indicar a cor
- Dar ordes
- Situar no espazo

### 4.4.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ORAL***

Sons orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos/as (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.

- Utilización de material auténtico, tanto gravacións como mensaxes de Internet, para aprender a expresar os gustos.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para entablar un diálogo
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas e emprego axeitado delas
- Análise da diferenza de uso entre “tu” y “vous” e as súas implicacións nos costumes relacionados co saúdo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar relatos en pasado.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación para expresar o emprego dos adxectivos posesivos, insistindo en terceira persoa.

***PRODUCIÓN ORAL***

- Diálogo directo do alumno co profesor e cos seus compañeiros.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para estabelecer un diálogo.
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas.
- Análise da diferenza de uso entre “tu” e “vous” e as súas implicacións no saúdo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.

- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar acontecementos en pasado.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación para expresar o emprego dos adxectivos posesivos, insistindo nos dun posuidor.
- Participación en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.
- Adecuación do vocabulario para ser capaz de expresar gustos e deportes practicados.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para pedir cousas.
- Realización de actividades de expresión oral: lecturas, diálogos, xogos de rol, poemas, cancións...
- Emprego contextualizado das fórmulas de relación social (para pedir cousas o contestar).
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar o imperativo.
- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.
- Utilización consciente do funcionamento dos elementos lingüísticos para expresar en pasado unha acción rematada a un amigo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de expresar todo o relacionado coa alimentación.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades.
- Utilización sistemática de estratexias comunicación para dar conta de acontecementos en pasado.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de emitir opinións sobre o perfil dunha persoa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar acordo ou desacordo.

### *COMPRENSIÓN ESCRITA*

- Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.

### *PRODUCIÓN ESCRITA*

- A observación diaria do profesor e a revisión diaria das tarefas de casa.
- Realización de actividades de documentación e de exposición.
- Controis individuais de recapitulación de contidos ao longo de cada trimestre
- Supervisión do caderno de clase.
- Redacción mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico axeitados e que sexan comprensibles para o lector.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de escribir unha nota a un amigo.
- Recoñecemento e identificación de textos epistolares moi breves e sinxelos.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Reflexión ao respecto das diferenzas do uso das frases negativas nas dúas linguas.
- Utilización consciente do pronome “en”/ sen equivalencia na nosa lingua
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades..
- Adecuación do vocabulario para aprender a dirixirse, a situar lugares o a indicar direccións.
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para o uso do imperativo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar os comparativo.
- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.

## 4.4.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ESCRITA***

As probas serán variadas:

- ✓ Procura no texto de léxico estudado
- ✓ Redacción breve de textos: descrición física, diálogo de presentación, expresión de gustos afeccións.
- ✓ Realización de frases sinxelas
- ✓ Ditados.
- ✓ Exercicios indicados pola profesora
- ✓ Identificación de sinónimos e antónimos.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Ordenación de acontecementos .

***COMPRENSIÓN ORAL***

- ✓ Captación de información global e específica.
- ✓ Extracción de palabras, frases clave en audicións e copialas ou xénero das palabras.
- ✓ Obtención de información para autocorrixirse.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Toma de apuntamentos.
- ✓ Realización de actividades de relacionar (textos / fotos).

***PRODUCIÓN ORAL***

- ✓ Participación en exposicións orais (con ou sen axuda de frases clave ).
- ✓ Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos sobre o tema da unidade.
- ✓ Exposición de diálogos.
- ✓ Lectura dos textos, diálogos …traballados nas clases co ritmo e entoación adecuados.
- ✓ Resumo de textos.
- ✓ Resposta ás preguntas dunha sondaxe, dun texto …
- ✓ Exposicións orais breves sobre un tema proposto.

***PRODUCIÓN ESCRITA***

- ✓ Realización de actividades de relacionar (preguntas / respostas, como Pourquoi? Parce que).
- ✓ Finalización de frases coas estruturas e con formas verbais, e listaxes de palabras.
- ✓ Redacción de resumos, descricións, retratos, biografías a partir de apuntamentos, frases, descricións, postais..., usando textos e frases como modelo..
- ✓ Resposta a preguntas estudadas: Où habite-t-il? Quelle est sa professión? Qu'est-ce que tu aimes ? etc

### 4.4.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación é considerada de forma integradora e referida ao proceso de ensino e aprendizaxe.

A avaliación pedagóxica contempla dúas funcións, unha función formativa, que considera o proceso de ensino e aprendizaxe na súa globalidade, e unha función sumativa, que comproba de maneira puntual o grao de adquisición dos contidos traballados ao final dun período máis ou menos longo de ensino e aprendizaxe, mais sempre desde unha perspectiva formativa.

Sempre se terán en conta os logros dos alumnos e se avaliarán positivamente, ao consideralo un aspecto motivador para o alumnado.

A avaliación formativa está orientada a determinar as dificultades e avances que o alumnado vai tendo na realización das actividades propostas, coa finalidade de axustar a axuda pedagóxica cara ás actividades de reforzo ou de ampliación que se presentan nos cadernos dos alumnos.

Ao principio do proceso de aprendizaxe, haberá unha avaliación inicial, xa que consideramos que aínda que o alumnado sexa principiante na aprendizaxe do francés, non o vai ser na súa lingua materna, e polo tanto, teñen xa un grao diferente de desenvolvemento lóxico formal e un coñecemento cultural dificilmente equiparable.

Convén comprobar os seus coñecementos, habilidades e actitudes, o que se verá a través da unidade 0 e ao principio de cada unidade onde aparecen indicados os obxectivos de cada unha delas.

Ao longo do proceso de aprendizaxe, farase unha avaliación continua, para controlar o progreso das aprendizaxes dos alumnos e determinar os logros, amais das carencias, identificar as causas das súas dificultades e poder poñer en marcha as medidas de apoio axeitadas. Isto farase a través dunha observación continua, tanto do traballo individual coma do traballo en equipo dentro da aula; tamén a través da corrección de material elaborado na clase ou na casa, traballos de lectura voluntarios e mediante as probas de avaliación que se realizan do libro do alumno, para que o alumno tome conciencia do que aprendeu e do que lle queda por aprender.

Despois dun período máis ou menos longo de aprendizaxe, farase unha avaliación sumativa de carácter formativo co fin de obter un balance puntual e comprobar o grao de adquisición dos contidos programados. Esta avaliación sumativa realizarase a través de diferentes actividades de comprensión e expresión escritas e orais.

No referido ás producións orais do alumnado terase en conta a adaptación do discurso á situación de comunicación, o uso de estratexias de comunicación, a organización do discurso, o léxico empregado adecuadamente, a construción gramatical, a pronunciación e a entoación. Subliñamos que gravaremos en audio as producións orais para seren máis xustas á hora de cualificar.

No referente ás producións escritas atenderase a adaptación do discurso á situación de comunicación, á organización do mesmo, ao uso do léxico, á construción gramatical, á ortografía e á presentación. Coa finalidade de comprobar se o alumnado está a desenvolver as capacidades indicadas nos obxectivos, teremos en conta os seguintes criterios de avaliación:

1. Habilidades comunicativas:

- Identificar a información global e específica en textos orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.
- Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.

- Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.
- Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico apropiados e que sexan comprensibles para o lector.

2. Reflexión sobre a lingua:

- Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira tanto a través de actividades contextualizadas como pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.
- Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades a aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa, apoiándose na comparación coa propia lingua.
- Estabelecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.
- Utilizar termos lingüísticos básicos sobre elementos gramaticais.

3. Aspectos socioculturais:

- Recoñecer os elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos sobre os que se traballa.
- Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación.
- Iniciar o descubrimento de certos hábitos culturais franceses relacionándoos cos propios e valorando positivamente as maneiras diferentes de concibir e interpretar a realidade.

As notas das avaliacións e a nota final serán o resultado das notas acadadas polos seguintes conceptos:

- ✓ Traballo persoal do alumno, que o gardará ordenado, en todo momento á disposición do profesor, que o irá revisando, valorando sempre os avances positivos e o esforzo.
- ✓ As actividades propostas a través de diferentes soportes
- ✓ Proba de lectura: fixándose na pronunciación, na nasalidade, na fluidez,…

- ✓ A asistencia a clase puntualmente co material requirido e boa disposición.
- ✓ A participación e actitude na clase que axudarán a avaliar a comprensión e a expresión oral.
- ✓ Participación na actividade de comunicación oral dentro da clase.
- ✓ Controis e exames escritos e orais.
- ✓ As probas realizadas na clase.

A profesora poderá modificar algúns dos aspectos citados (exames, traballos...) se por calquera circunstancia (dificultades de aprendizaxe, retraso na programación...) non se puidesen acadar todos os obxectivos previstos.

Tendo conta do carácter continuo, formativo e individualizado da avaliación, será posto en valor o progreso realizado polo alumno.

As cualificacións faranse nos seguintes termos que irán acompañados dunha expresión numérica de 0 a 10, sen decimais: Insuficiente (0, 1, 2, 3, 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7, 8) y Sobresaínte (9, 10).

| | |
|---|---|
| **60%**<br>**6/10** | ***Probas escritas:***<br>Probas de gramática.<br>Comprensións escritas<br>Producións escritas<br>*Farase una media aritmética das notas.<br>A produción escrita avaliarase mediante una rúbrica |
| **20%**<br>**2/10** | ***Destrezas orais:***<br>Comprensións orais<br>Producións orais<br>*A produción oral avaliarase mediante rúbrica |
| **15%**<br>**1,5/10** | ***Traballos:***<br>Neste apartado trátase de avaliar os deberes e traballos que se mande facer.<br>*Para avaliar este apartado, disporemos do caderno da profesora, de cuestionarios e de rúbricas. |

| | |
|---|---|
| **5 %**<br>**0,5/10** | ***Participación e deberes:***<br>Quenda de palabra, saír ao encerado a corrixir, preguntar, responder ás preguntas da profesora, ler.<br>*Este apartado avaliarase mediante o caderno |

A nota final de cada avaliación será o resultado da aplicación dos criterios seguintes na proporción que a continuación especificamos.

***MOI IMPORTANTE:*** Como sempre traballamos con medias, precisamos que os cálculos sempre se realicen mantendo as decimais dos resultados obtidos.

***OS REDONDEOS SOAMENTE SE APLICAN NA NOTA GLOBAL FINAL DE CADA AVALIACIÓN A PARTIR DE 0,6 INCLUSIVE CARA A ARRIBA XA QUE O SISTEMA NON NOS PERMITE INTRODUCIR DECIMAIS NOS BOLETÍNS.***

Non obstante a nota final do curso obterase ao realizar a media dos porcentaxes de cada avaliación (a partir da nota con decimais, sen redondeo):

1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 50%.

Se a nota final da avaliación non é un número exacto, aplicarase un redondeo ao alza tamén, a partir de 0,6 inclusive.

No caso de que un alumno ou unha alumna copie durante unha proba, anularase a devandita proba, tendo que recuperala cando a profesora o considere oportuno.

Por último e en relación á falta de asistencia dos alumnos aos exames, como norma xeral, o alumno que no asiste a un exame deberá presentar ao profesor a debida xustificación da súa ausencia o mesmo día que se reincorpore ao centro. O profesor decidirá dependendo do tipo de xustificación, se procede repetir o exame e en caso afirmativo, o día e a hora. Se o alumno non presenta a xustificación no prazo estabelecido non se realizará o exame.

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación dos apartados 3 e 4, polas continuas faltas de asistencia, realizará un exame por trimestre (escrito e oral), que suporá a nota de cada avaliación.

### 4.4.5. MECANISMOS DE REFORZO E PENDENTES

Os alumnos co francés pendente realizarán traballos e probas escritas, coordinadas polo departamento, cun seguimento persoal, directo e constante, ao longo do curso, e se seguirá unha avaliación continua dos progresos logrados, quedando polo tanto superada a materia se, ao final das actividades e probas, o aproveitamento é positivo.

***Se o devandito alumno segue cursando a materia de francés,*** poderá recuperar a pendente da maneira seguinte:

- Realizando fichas e exercicios facilitados pola profesora
- Realizando traballos en calquera soporte proposto
- Aprobar a materia do curso vixente.

Se o alumno ten unha cualificación positiva no curso vixente e fixo todos os traballos facilitados pola profesora, considerarase a materia pendente aprobada.

No caso de que o alumno non aprobe deste xeito, farase un exame global de todos os contidos do curso no mes de maio, data establecida polo Equipo Directivo do centro.

***Se o alumno xa non cursa a materia***, sexa por abandonar e estar exento ou sexa por escoller outra optativa, deberá:

- Realizar exercicios e fichas facilitadas pola profesoras
- Facer unha proba en cada avaliación, nunha data consensuada tanto polo Equipo Directivo, como pola profesora e o alumno en cuestión.

No caso de non superar a materia deste xeito, o alumno deberá facer unha proba escrita no mes de maio, na data fixada polo centro.

### *4.4.6. AVALIACIÓN INICIAL*

No CPI o alumnado de 1ºESO ten coñecementos previos dado que cursan a Segunda Lingua Estranxeira en 6º de primaria. Polo tanto, deberemos facer unha avaliación inicial.

A avaliación inicial contribúe á mellora do rendemento tanto do ensino como da aprendizaxe. Para que resulte eficaz, esta avaliación ten que ser continua e estar atenta á evolución do alumnado, tanto no plano intelectual, como afectivo e social.

Ao principio de cada proceso de ensino-aprendizaxe e non só ao inicio do curso, farase unha avaliación inicial para detectar o nivel de partida, os coñecementos previos e ver se existen problemas de aprendizaxe.

Debemos saber que coñecen e saben facer os alumnos, como mellora, que intereses e motivacións teñen ante a aprendizaxe. Esta avaliación realizarase a través da observación directa e sistemática na aula, pódese levar un diario da evolución, mediante cuestionarios e tamén a través de probas estandarizadas.

Ao inicio de curso, o profesor marcará as pautas a seguir:

- Os alumnos serán informados dos materiais que deberán usar durante o ano escolar, dos usados polo profesor e os recursos que se poderán usar en diferentes momentos. Empregaranse o móbil en clase e as redes sociais con finalidade didáctica.
- Exporanse os obxectivos didácticos e os criterios de avaliación e cualificación para que os coñezan en todo momento. Terán á súa disposición un resumo facilitado pola profesora.
- Poderán usarse os materiais e recursos que se consideren oportunos en cada momento de aprendizaxe: CD, DVD, ordenadores,…
- Iniciaranse as clases cunha exploración dos coñecementos previos, para motivar os alumnos e detectar os posibles erros de aprendizaxe.
- As distintas actividades realizaranse de forma estruturada.
- O sistema de agrupamento adecuarase ao tipo de actividade e destreza que se pretenda desenvolver.
- Favorecerase a participación do alumnado nas tarefas interactivas, usando a lingua estranxeira en situación reais de comunicación.
- Potenciarase a aprendizaxe significativa relacionando os coñecementos adquiridos cos aspectos da vida cotiá e en relación con outras materias.
- Procurarase desenvolver unha actitude positiva fronte a aprendizaxe valorada nos logros de cada un na súa medida fomentando a reflexión sobre a súa aprendizaxe.

## 5. 2ºESO

### 5.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

O traballo en 2º ESO constitúe unha continuación do traballo de iniciación feito en 1º ESO. Dese xeito, os obxectivos xerais que buscamos son basicamente os mesmos, tal como expoñemos a continuación: O obxectivo para este nivel consiste en garantir cando menos o afianzamento nas aptitudes descritas polo CECR para o nivel A1.

### *Comprensión oral*

- Escoitar e entender globalmente monólogos e diálogos moi sinxelos, situados nun contexto cotián, sobre temas próximos ao alumnado.
- Escoitar e entender globalmente mensaxes en contínuo: intervencións breves de personaxes nun parque público, gritos, onomatopeas; un rapaz presenta a súa familia nunha festa; na radio, consellos para utilizar o ordenador; nunha páxina web, unha adolescente conta a súa axenda diaria.
- Escoitar e entender globalmente cancións moi sinxelas, feitas en base ao léxico que domina o alumnado.
- Escoitar e entender globalmente conversas curtas en situacións da vida cotiá: na rúa, rapaces saúdanse; na cafetería, un adolescente faille un agasallo a unha compañeira; no instituto, alumnos len o seu novo horario para o curso; no instituto, por vídeo conferencia, entrevistas a compañeiros de intercambio ingleses; xogo de adiviñanzas nunha festa de aniversario; na piscina, hai xente contenta e outra descontenta.

### *Expresión oral*

- Tomar a palabra individualmente e manter intercambios nos límites das posibilidades duns principiantes.
- Mellorar a pronunciación mediante a repetición, individualmente ou en grupo, de cancións, secuencias, trabalinguas.
- Memorizar e interpretar pequenas escenas dialogadas.
- Expresarse de maneira continua, presentándose; presentando aos compañeiros e describíndoos; falando da súa axenda cotiá, dos seus gustos e preferencias, dos seus hábitos; comentando ilustracións; imaxinando situacións das que serían os protagonistas.
- Interactuar en contextos concretos: manter intercambios orais en relación con situacións e ilustracións; xogar, adiviñar; adoptar o papel de personaxes, recrear situacións utilizando as fórmulas presentadas.
- Nas tarefas finais, iniciarse á comunicación absolutamente auténtica: fabricar cuñas publicitarias; presentar a súa vila ou aldea a estudas franceses; organizar un concurso de coñecementos sobre Francia; expoñer diante da clase traballos preparados previamente por escrito; pouco a pouco, falar en francés entre alumnos para preparar as tarefas.

### *Comprensión escrita*

- Iniciarse na comprensión de textos escritos de natureza diversa e auténticos: anuncios, carteis e documentos auténticos funcionais

(axenda, carné de correspondencia, carné de identidade, mapa xeográfico, sobre para a correspondencia postal, mapa das zonas escolares); prensa e documentos informativos formais (tests; reportaxe fotográfica; artigo ilustrado).

- Facer buscas en Internet para completar a información dada no libro de texto: sobre un autor literario, os símbolos de Francia, as cidades francesas bañadas por un río, os lugares turísticos de París, os campamentos de vacacións.
- Comprender documentos comunicativos persoais menos formais: un diario persoal, un caderno de viaxe con fotos comentadas, testemuños de xente nova durante as vacacións, un blog persoal.

***Produción escrita***

- Iniciación á produción escrita para unha expresión mínima “utilitaria”: personalizar o seu caderno con palabras francesas; elaborar un cartel para anunciar o programa de actividades dunha fin de semana entre compañeiros; tomar apuntes como apoio para facer exposicións orais.
- Iniciarse na expresión escrita persoal para presentarse; describir o seu mellor amigo/a; contar as súas actividades con compañeiros; falar das súas relacións cos seres queridos; dicir se a moda nos resulta importante; describir o seu almorzo.

## 5.2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

**2º DA ESO**

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias claves | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 1. Comprensión de textos orais** | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. | ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.<br>▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre | ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 2º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensibl | ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>▪<br>– Execución:<br>– Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. | ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | ▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 2º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.<br>– Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.<br>– Petición de axuda. | ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | |

| 2º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | – Paralingüísticos:<br>– Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas. | | ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. | ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non | ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | 40% |

| 2º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | coñecidas.<br>▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.<br>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.<br>▪ B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade. | ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | | |

| 2º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión | ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.<br>▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.<br>▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | 40% |
| | | | ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 2º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva. | | ▪ SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | |
| | | | ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |

2º DA ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias claves | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ▪ CD | |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias | ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 40% |

| 2º DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. | linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. | ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e | | ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. | | | |

## 5.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE 0: Segunda quincena de setembro

UNIDADE 1: Mes de outubro

UNIDADE 2: Mes de novembro

UNIDADE 3: Mes de decembro e xaneiro

UNIDADE 4: Mes de febreiro e marzo

UNIDADE 5: Mes de marzo e abril

UNIDADE 6 : Mes de maio

UNIDADE  7: Reforzo e recuperación no mes de xuño

## 5.4. AVALIACIÓN

### 5.4.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

***Elementos morfosintácticos***

Os correspondentes ao primeiro curso, se lle engadirán os seguintes:

- a frase simple co complemento
- locativos: en face de….pres de …. Au milieu de …loin de…au fond de…etc
- verbos da primeira conxugación
- A interrogación: comment…? Combien?
- Adxectivos posesivos
- A negación : pas de
- A coordinación. Mais, et
- Adxectivos demostrativos
- Pronomes persoais
- Os artigos partitivos
- Verbos pouvoir, vouloir, mettre, prendre
- O futur proche
- Adverbios de cantidade: beaucoup, peu…

***Léxico***

- Elementos da descrición
- A natureza
- Actividades extraescolares: deportes, música…
- A casa e as súas habitacións
- A cidade, monumentos
- Roupa, alimentos, formulas para comprar Comunicación oral e escrita
- Revisión dos contidos do 1º curso

***Comunicación oral e escrita***

- Comunicar en clase, formular preguntas, describir un personaxe e o seu entorno
- Describir as partes da casa e as habitacións
- Indicar o lugar***.***
- Actividades de ocio.
- Expresar a posesión.
- Situarse na cidade.
- Desenvolverse nunca tenda de roupa, de alimentos.

### 5.4.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ORAL***

Sons orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos/as (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.

- Utilización de material auténtico, tanto gravacións como mensaxes de Internet, para aprender a expresar os gustos.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para entablar un diálogo.
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas e emprego axeitado delas.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar relatos en pasado, presente e futuro.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación

***PRODUCIÓN ORAL***

- Diálogo directo do alumno coa profesora e cos seus compañeiros.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para estabelecer un diálogo.
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas.
- Análise da diferenza de uso entre “tu” e “vous” e as súas implicacións no saúdo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar acontecementos en pasado.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación para expresar o emprego dos adxectivos posesivos, insistindo nos dun posuidor.
- Participación en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.
- Adecuación do vocabulario para ser capaz de expresar gustos e deportes practicados.

- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para pedir cousas.
- Realización de actividades de expresión oral: lecturas, diálogos, xogos de rol, poemas, cancións...
- Emprego contextualizado das fórmulas de relación social (para pedir cousas o contestar).
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar o imperativo.
- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.
- Utilización consciente do funcionamento dos elementos lingüísticos para expresar en pasado unha acción rematada a un amigo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de expresar todo o relacionado coa alimentación.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades.
- Utilización sistemática de estratexias comunicación para dar conta de acontecementos en pasado.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de emitir opinións sobre o perfil dunha persoa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar acordo ou desacordo.

### *COMPRENSIÓN ESCRITA*

- Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.

***PRODUCIÓN ESCRITA***

- A observación diaria do profesor e a revisión diaria das tarefas de casa.
- Realización de actividades de documentación e de exposición.
- Controis individuais de recapitulación de contidos ao longo de cada trimestre
- Supervisión do caderno de clase.
- Redacción mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico axeitados e que sexan comprensibles para o lector.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de escribir unha nota a un amigo.
- Recoñecemento e identificación de textos epistolares moi breves e sinxelos.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Reflexión ao respecto das diferenzas do uso das frases negativas nas dúas linguas.
- Utilización consciente do pronome “en”/ sen equivalencia na nosa lingua
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades..
- Adecuación do vocabulario para aprender a dirixirse, a situar lugares o a indicar direccións.
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para o uso do imperativo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar os comparativo.
- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.

### 5.4.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ESCRITA***

As probas serán variadas:

- ✓ Procura no texto de léxico estudado
- ✓ Redacción breve de textos: descrición física, diálogo de presentación, expresión de gustos afeccións.
- ✓ Realización de frases sinxelas
- ✓ Ditados.

- ✓ Exercicios indicados pola profesora
- ✓ Identificación de sinónimos e antónimos.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Ordenación de acontecementos .

***COMPRENSIÓN ORAL***

- ✓ Captación de información global e específica.
- ✓ Extracción de palabras, frases clave en audicións e copialas ou xénero das palabras.
- ✓ Obtención de información para autocorrixirse.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Toma de apuntamentos.
- ✓ Realización de actividades de relacionar (textos / fotos).

***PRODUCIÓN ORAL***

- ✓ Participación en exposicións orais (con ou sen axuda de frases clave ).
- ✓ Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos sobre o tema da unidade.
- ✓ Exposición de diálogos.
- ✓ Lectura dos textos, diálogos …traballados nas clases co ritmo e entoación adecuados.
- ✓ Resumo de textos.
- ✓ Resposta ás preguntas dunha sondaxe, dun texto …
- ✓ Exposicións orais breves sobre un tema proposto.

***PRODUCIÓN ESCRITA***

- ✓ Realización de actividades de relacionar (preguntas / respostas, como Pourquoi? Parce que).
- ✓ Finalización de frases coas estruturas e con formas verbais, e listaxes de palabras.
- ✓ Redacción de resumos, descricións, retratos, biografías a partir de apuntamentos, frases, descricións, postais..., usando textos e frases como modelo..
- ✓ Resposta a preguntas estudadas: Où habite-t-il? Quelle est sa professión? Qu'est-ce que tu aimes ? etc

### 5.4.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación é considerada de forma integradora e referida ao proceso de ensino e aprendizaxe.

A avaliación pedagóxica contempla dúas funcións, unha función formativa, que considera o proceso de ensino e aprendizaxe na súa globalidade, e unha función sumativa, que comproba de maneira puntual o grao de adquisición dos contidos traballados ao final dun período máis ou menos longo de ensino e aprendizaxe, mais sempre desde unha perspectiva formativa.

Sempre se terán en conta os logros dos alumnos e se avaliarán positivamente, ao consideralo un aspecto motivador para o alumnado.

A avaliación formativa está orientada a determinar as dificultades e avances que o alumnado vai tendo na realización das actividades propostas, coa finalidade de axustar a axuda pedagóxica cara ás actividades de reforzo ou de ampliación que se presentan nos cadernos dos alumnos.

Ao principio do proceso de aprendizaxe, haberá unha avaliación inicial, xa que consideramos que aínda que o alumnado sexa principiante na aprendizaxe do francés, non o vai ser na súa lingua materna, e polo tanto, teñen xa un grao diferente de desenvolvemento lóxico formal e un coñecemento cultural dificilmente equiparable.

Convén comprobar os seus coñecementos, habilidades e actitudes, o que se verá a través da unidade 0 e ao principio de cada unidade onde aparecen indicados os obxectivos de cada unha delas.

Ao longo do proceso de aprendizaxe, farase unha avaliación continua, para controlar o progreso das aprendizaxes dos alumnos e determinar os logros, amais das carencias, identificar as causas das súas dificultades e poder poñer en marcha as medidas de apoio axeitadas. Isto farase a través dunha observación continua, tanto do traballo individual coma do traballo en equipo dentro da aula; tamén a través da corrección de material elaborado na clase ou na casa, traballos de lectura voluntarios e mediante as probas de avaliación que se realizan do libro do alumno, para que o alumno tome conciencia do que aprendeu e do que lle queda por aprender.

Despois dun período máis ou menos longo de aprendizaxe, farase unha avaliación sumativa de carácter formativo co fin de obter un balance puntual e comprobar o grao de adquisición dos contidos programados.

Esta avaliación sumativa realizarase a través de diferentes actividades de comprensión e expresión escritas e orais.

No referido ás producións orais do alumnado terase en conta a adaptación do discurso á situación de comunicación, o uso de estratexias de comunicación, a organización do discurso, o léxico empregado adecuadamente, a construción gramatical, a pronunciación e a entoación. Subliñamos que gravaremos en audio as producións orais para seren máis xustas á hora de cualificar.

No referente ás producións escritas atenderase a adaptación do discurso á situación de comunicación, á organización do mesmo, ao uso do léxico, á construción gramatical, á ortografía e á presentación. Coa finalidade de comprobar se o alumnado está a desenvolver as capacidades indicadas nos obxectivos, teremos en conta os seguintes criterios de avaliación:

1. Habilidades comunicativas:

- Identificar a información global e específica en textos orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.
- Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.
- Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.
- Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico apropiados e que sexan comprensibles para o lector.

2. Reflexión sobre a lingua:

- Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira tanto a través de actividades contextualizadas como pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.

- ➢ Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades a aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa, apoiándose na comparación coa propia lingua.
- ➢ Estabelecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.
- ➢ Utilizar termos lingüísticos básicos sobre elementos gramaticais.

3. Aspectos socioculturais:

- ➢ Recoñecer os elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos sobre os que se traballa.
- ➢ Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación.
- ➢ Iniciar o descubrimento de certos hábitos culturais franceses relacionándoos cos propios e valorando positivamente as maneiras diferentes de concibir e interpretar a realidade.

As notas das avaliacións e a nota final serán o resultado das notas acadadas polos seguintes conceptos:

- ✓ Traballo persoal do alumno, que o gardará ordenado, en todo momento á disposición do profesor, que o irá revisando, valorando sempre os avances positivos e o esforzo.
- ✓ As actividades propostas a través de diferentes soportes
- ✓ Proba de lectura: fixándose na pronunciación, na nasalidade, na fluidez,…
- ✓ A asistencia a clase puntualmente co material requirido e boa disposición.
- ✓ A participación e actitude na clase que axudarán a avaliar a comprensión e a expresión oral.
- ✓ Participación na actividade de comunicación oral dentro da clase.
- ✓ Controis e exames escritos e orais.
- ✓ As probas realizadas na clase.

A profesora poderá modificar algúns dos aspectos citados (exames, traballos...) se por calquera circunstancia (dificultades de aprendizaxe, retraso na programación...) non se puidesen acadar todos os obxectivos previstos.

Tendo conta do carácter continuo, formativo e individualizado da avaliación, será posto en valor o progreso realizado polo alumno.

As cualificacións faranse nos seguintes termos que irán acompañados dunha expresión numérica de 0 a 10, sen decimais: Insuficiente (0, 1, 2, 3, 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7, 8) y Sobresaínte (9, 10).

A nota final de cada Avaliación será o resultado da aplicación dos criterios seguintes na proporción que a continuación especificamos:

| | |
|---|---|
| **60%**<br>**6/10** | ***Probas escritas:***<br>Probas de gramática Comprensións escritas<br>Producións escritas<br>*Farase una media aritmética das notas.<br>A produción escrita avaliarase mediante una rúbrica |
| **20%**<br>**2/10** | ***Destrezas orais:***<br>Comprensións orais Producións orais<br>*A produción oral avaliarase mediante rúbrica |
| **15%**<br>**1,5/10** | ***Traballos:***<br>Neste apartado trátase de avaliar os deberes e traballos que se mande facer.<br>*Para avaliar este apartado, disporemos do caderno da profesora, de cuestionarios e de rúbricas. |
| **5 %**<br>**0,5/10** | ***Participación e deberes:***<br>Quenda de palabra, saír ao encerado a corrixir, preguntar, responder ás preguntas da profesora, ler.<br>*Este apartado avaliarase mediante o caderno |

***MOI IMPORTANTE:*** Como sempre traballamos con medias, precisamos que os cálculos sempre se realicen mantendo as decimais dos resultados obtidos.

***OS REDONDEOS SOAMENTE SE APLICAN NA NOTA GLOBAL FINAL DE CADA AVALIACIÓN A PARTIR DE 0,6 INCLUSIVE CARA A ARRIBA XA QUE O SISTEMA NON NOS PERMITE INTRODUCIR DECIMAIS NOS BOLETÍNS.***

Non obstante a nota final do curso obterase ao realizar a media dos porcentaxes de cada avaliación (a partir da nota con decimais, sen redondeo):

1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 50%.

Se a nota final da avaliación non é un número exacto, aplicarase un redondeo ao alza tamén, a partir de 0,6 inclusive.

No caso de que un alumno ou unha alumna copie durante unha proba, anularase a devandita proba, tendo que recuperala cando a profesora o considere oportuno.

Por último e en relación á falta de asistencia dos alumnos aos exames, como norma xeral, o alumno que no asiste a un exame deberá presentar ao profesor a debida xustificación da súa ausencia o mesmo día que se reincorpore ao centro. O profesor decidirá dependendo do tipo de xustificación, se procede repetir o exame e en caso afirmativo, o día e a hora. Se o alumno non presenta a xustificación no prazo establecido non se realizará o exame.

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación dos apartados 3 e 4, polas continuas faltas de asistencia, realizará un exame por trimestre (escrito e oral), que suporá a nota de cada avaliación.

### 5.4.5. MECANISMOS DE REFORZO E PENDENTES

Os alumnos co francés pendente realizarán traballos e probas escritas, coordinadas polo departamento, cun seguimento persoal, directo e constante, ao longo do curso, e se seguirá unha avaliación continua dos progresos logrados, quedando polo tanto superada a materia se, ao final das actividades e probas, o aproveitamento é positivo.

***Se o devandito alumno segue cursando a materia de francés,*** poderá recuperar a pendente da maneira seguinte:

- Realizando fichas e exercicios facilitados pola profesora
- Realizando traballos en calquera soporte proposto
- Aprobar a materia do curso vixente.

Se o alumno ten unha cualificación positiva no curso vixente e fixo todos os traballos facilitados pola profesora, considerarase a materia pendente aprobada.

No caso de que o alumno non aprobe deste xeito, farase un exame global de todos os contidos do curso no mes de maio, data establecida polo Equipo Directivo do centro.

***Se o alumno xa non cursa a materia***, sexa por abandonar e estar exento ou sexa por escoller outra optativa, deberá:

- Realizar exercicios e fichas facilitadas pola profesoras
- Facer unha proba en cada avaliación, nunha data consensuada tanto polo Equipo Directivo, como pola profesora e o alumno en cuestión.

No caso de non superar a materia deste xeito, o alumno deberá facer unha proba escrita no mes de maio, na data fixada polo centro.

### *5.4.6. AVALIACIÓN INICIAL*

A avaliación inicial contribúe á mellora do rendemento tanto do ensino como da aprendizaxe. Para que resulte eficaz, esta avaliación ten que ser continua e estar atenta á evolución do alumnado, tanto no plano intelectual, como afectivo e social.

Ao principio de cada proceso de ensino-aprendizaxe e non só ao inicio do curso, farase unha avaliación inicial para detectar o nivel de partida, os coñecementos previos e ver se existen problemas de aprendizaxe.

Debemos saber que coñecen e saben facer os alumnos, como mellora, que intereses e motivacións teñen ante a aprendizaxe. Esta avaliación realizarase a través da observación directa e sistemática na aula, pódese levar un diario da evolución, mediante cuestionarios e tamén a través de probas estandarizadas.

Ao inicio de curso, o profesor marcará as pautas a seguir:

- ❖ Os alumnos serán informados dos materiais que deberán usar durante o ano escolar, dos usados polo profesor e os recursos que se poderán usar en diferentes momentos. Empregaranse o móbil en clase e as redes sociais con finalidade didáctica.
- ❖ Exporanse os obxectivos didácticos e os criterios de avaliación e cualificación para que os coñezan en todo momento. Terán á súa disposición un resumo facilitado pola profesora.
- ❖ Poderán usarse os materiais e recursos que se consideren oportunos en cada momento de aprendizaxe: CD, DVD, ordenadores,…
- ❖ Iniciaranse as clases cunha exploración dos coñecementos previos, para motivar os alumnos e detectar os posibles erros de aprendizaxe.
- ❖ As distintas actividades realizaranse de forma estruturada.
- ❖ O sistema de agrupamento adecuarase ao tipo de actividade e destreza que se pretenda desenvolver.
- ❖ Favorecerase a participación do alumnado nas tarefas interactivas, usando a lingua estranxeira en situación reais de comunicación.

- ❖ Potenciarase a aprendizaxe significativa relacionando os coñecementos adquiridos cos aspectos da vida cotiá e en relación con outras materias.
- ❖ Procurarase desenvolver unha actitude positiva fronte a aprendizaxe valorada nos logros de cada un na súa medida fomentando a reflexión sobre a súa aprendizaxe.

# 6. 3ºESO

## 6.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

En 3º ESO, os obxectivos xerais que buscamos son basicamente os mesmos en relación con 1º e 2º ESO, tal como expoñemos a continuación. Aínda que, neste caso, o obxectivo para este nivel consiste en garantir cando menos o afianzamento nas aptitudes descritas polo CECR para o nivel A1 e introducirnos no nivel A2.

***Comprensión oral***

- ❖ Escoitar e entender globalmente monólogos e diálogos moi sinxelos, situados nun contexto cotián, sobre temas próximos ao alumnado.
- ❖ Escoitar e entender globalmente mensaxes en continuo: intervencións breves de personaxes nun parque público, gritos, onomatopeas; un rapaz presenta a súa familia nunha festa; na radio, consellos para utilizar o ordenador; nunha páxina web, unha adolescente conta a súa axenda diaria.
- ❖ Escoitar e entender globalmente cancións moi sinxelas, feitas en base ao léxico que domina o alumnado.
- ❖ Escoitar e entender globalmente conversas curtas en situacións da vida cotiá: na rúa, rapaces saúdanse; na cafetería, un adolescente faille un agasallo a unha compañeira; no instituto, alumnos len o seu novo horario para o curso; no instituto, por vídeo conferencia, entrevistas a compañeiros de intercambio ingleses; xogo de adiviñanzas nunha festa de aniversario; na piscina, hai xente contenta e outra descontenta.

***Produción oral***

- ❖ Tomar a palabra individualmente e manter intercambios nos límites das posibilidades duns principiantes.
- ❖ Mellorar a pronunciación mediante a repetición, individualmente ou en grupo, de cancións, secuencias, trabalinguas. Memorizar e interpretar pequenas escenas dialogadas.

- ❖ Expresarse de maneira continua, presentándose; presentando aos compañeiros e describíndoos; falando da súa axenda cotiá, dos seus gustos e preferencias, dos seus hábitos; comentando ilustracións; imaxinando situacións das que serían os protagonistas.
- ❖ Interactuar en contextos concretos: manter intercambios orais en relación con situacións e ilustracións; xogar, adiviñar; adoptar o papel de personaxes, recrear situacións utilizando as fórmulas presentadas.
- ❖ Nas tarefas finais, iniciarse á comunicación absolutamente auténtica: fabricar cuñas publicitarias; presentar a súa vila ou aldea a estudantes franceses; organizar un concurso de coñecementos sobre Francia; expoñer diante da clase traballos preparados previamente por escrito; pouco a pouco, falar en francés entre alumnos para preparar as tarefas.

***Comprensión escrita***

- ❖ Iniciarse na comprensión de textos escritos de natureza diversa e auténticos: anuncios, carteis e documentos auténticos funcionais (axenda, carné de correspondencia, carné de identidade, mapa xeográfico, sobre para a correspondencia postal, mapa das zonas escolares); prensa e documentos informativos formais (tests; reportaxe fotográfica; artigo ilustrado).
- ❖ Facer buscas en Internet para completar a información dada no libro de texto: sobre un autor literario, os símbolos de Francia, as cidades francesas bañadas por un río, os lugares turísticos de París, os campamentos de vacacións.
- ❖ Comprender documentos comunicativos persoais menos formais: un diario persoal, un caderno de viaxe con fotos comentadas, testemuños de xente nova durante as vacacións, un blog persoal.

***Produción escrita***

- ❖ Iniciación á produción escrita para unha expresión mínima “utilitaria”: personalizar o seu caderno con palabras francesas; elaborar un cartel para anunciar o programa de actividades dunha fin de semana entre compañeiros; tomar apuntes como apoio para facer exposicións orais.
- ❖ Iniciarse na expresión escrita persoal para presentarse; describir o seu mellor amigo/a; contar as súas actividades con compañeiros; falar das súas relacións cos seres queridos; dicir se a moda nos resulta importante; describir o seu almorzo.



## 6.2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.)<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. | B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.<br>B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.<br>B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.<br>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de compresión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | | solicitar que se repita o dito.<br>B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.<br>B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | |
| | | | SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | 40% |
| | | | SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe. | – CCL<br>– CAA<br>– CSC<br>– CCEC<br>– CD | 40% |

<table>
<tr><th>3ºDA ESO</th></tr>
<tr><th>Obxectivos</th><th>Contidos</th><th>Criterios de avaliación</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>Competencias claves</th><th>Grao de consecución</th></tr>
<tr><td></td><td colspan="3">Bloque 2. Produción de textos orais</td><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td rowspan="2">– a<br>– c<br>– d<br>– i</td><td rowspan="2">B2.1. Estratexias de produción:<br>▪ Planificación:<br>▪ Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>▪ Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>▪ Execución:<br>▪ Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>▪ Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>▪ Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.<br>▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>▪ Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, e paralingüísticos.</td><td rowspan="2">B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.<br>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br>B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.<br>B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</td><td>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD</td><td>40%</td></tr>
<tr><td>SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSIEE</td><td>40%</td></tr>
</table>

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | ▪ Lingüísticos:<br>▪ Modificación de palabras de significado parecido.<br>▪ Definición ou reformulación dun termo ou expresión.<br>▪ Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. | | SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | 40% |

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | ▪ Petición de axuda.<br>▪ Paralingüísticos:<br>▪ Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.<br>▪ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas. | | ▪ SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | – CCL<br>– CAA<br>– CSC<br>– CCEC | |

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>▪ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>▪ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>▪ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>▪ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.<br>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.<br>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a esxperiencias e a coñecementos propios da súa idade.<br>B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. | SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán). | – CCL<br>– CAA<br>– CSC<br>– CCEC<br>– CD | 40% |

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | | | SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | B4.1. Estratexias de produción:<br>▪ Planificación:<br>▪ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>▪ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>▪ Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>▪ Execución: | B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.<br>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.<br>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adecuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |
| | | | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | ▪ Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>▪ Estruturación do contido do texto.<br>▪ Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>▪ Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>▪ Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.).<br>▪ Revisión:<br>▪ Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>▪ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>▪ Reescritura definitiva. | | SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. | – CCL<br>– CAA<br>– CSC<br>– CCEC<br>– CD | 40% |
| | | | SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 40% |

**3ºDA ESO**

<table>
<tr><th>Obxectivos</th><th>Contidos</th><th>Criterios de avaliación</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>Competencias claves</th><th>Grao de consecución</th></tr>
<tr><td></td><td colspan="4">Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o</td><td rowspan="3">B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>▪ Sons e fonemas vocálicos.<br>▪ Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>▪ Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>▪ Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>▪ Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>▪ Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>▪ Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>▪ Achegamento a algúns aspectos culturais visibles:</td><td rowspan="3">B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significados evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.<br>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos</td><td>SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC</td><td>40%</td></tr>
<tr><td>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD</td><td>40%</td></tr>
<tr><td>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC</td><td>40%</td></tr>
</table>

| 3ºDA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>▪ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>▪ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra | transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente | SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | 40% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>▪ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>▪ Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>B5.5. Funcións comunicativas:<br>▪ Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>▪ Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>▪ Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>▪ Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>▪ Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>▪ Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>▪ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>▪ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>▪ Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da | | SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | comunicación.<br>▪ Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.<br>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias idioma. | | | |

## 6.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE 0: segunda quincena do mes de setembro

UNIDADE 1: Mes de outubro

UNIDADE 2: Mes de novembro e decembro

UNIDADE 3: Mes de xaneiro

UNIDADE 4: Mes de febreiro e marzo

UNIDADE 5: Mes de abril

UNIDADE 6: Mes de maio

UNIDADE 7: Reforzo e recuperación no mes de xuño

## 6.4. AVALIACIÓN

### 6.4.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

Consideramos que os alumnos/as deben acadar competencias básicas en lingua francesa que poidan facilitarlles a súa integración posterior na vida persoal e laboral noutra lingua -neste caso a francesa- proporcionándolles os recursos necesarios para que sexan capaces de aprender cousas novas de xeito autónomo partindo dos coñecementos previos. Referímonos a competencias comunicativas (orais e escritas) concretadas en:

***Elementos morfosintácticos***

- Os partitivos
- O pronome y
- Os adxectivos cualificativos
- O pasado composto
- O futuro simple
- O presente progresivo
- O futuro próximo
- O pasado recente
- Expresións: il faut-il ne faut pas
- Determinantes e pronomes posesivos
- Determinantes e pronomes demostrativos

***Léxico***

- A roupa
- As materias que estudo. O meu colexio.
- Os alimentos
- Os animais
- Os deportes
- A casa
- Os números
- Os empregos
- As afeccións
- A expresión da opinión

***Destrezas***

- ❖ Describir persoas, animais e cousas.
- ❖ Expresar os desexos
- ❖ Indicar a cantidade
- ❖ Dar ordes
- ❖ Mostrar acordo o desacordo
- ❖ Interpretar textos de xornais sinxelos
- ❖ Ler con fluidez e responder a preguntas oralmente e por escrito.

### 6.4.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ORAL***

Sons orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos/as (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.

- Utilización de material auténtico, tanto gravacións como mensaxes de Internet, para aprender a expresar os gustos.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para entablar un diálogo.
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas e emprego axeitado delas.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar relatos en pasado, presente e futuro.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación

***PRODUCIÓN ORAL***

- Diálogo directo do alumno coa profesora e cos seus compañeiros.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para estabelecer un diálogo.
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas.
- Análise da diferenza de uso entre “tu” e “vous” e as súas implicacións no saúdo.

- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar acontecementos en pasado.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación para expresar o emprego dos adxectivos posesivos, insistindo nos dun posuidor.
- Participación en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.
- Adecuación do vocabulario para ser capaz de expresar gustos e deportes practicados.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para pedir cousas.
- Realización de actividades de expresión oral: lecturas, diálogos, xogos de rol, poemas, cancións...
- Emprego contextualizado das fórmulas de relación social (para pedir cousas o contestar).
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar o imperativo.
- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.
- Utilización consciente do funcionamento dos elementos lingüísticos para expresar en pasado unha acción rematada a un amigo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de expresar todo o relacionado coa alimentación.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades.
- Utilización sistemática de estratexias comunicación para dar conta de acontecementos en pasado.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de emitir opinións sobre o perfil dunha persoa.

- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar acordo ou desacordo.

***COMPRENSIÓN ESCRITA***

- Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.

***PRODUCIÓN ESCRITA***

- A observación diaria do profesor e a revisión diaria das tarefas de casa.
- Realización de actividades de documentación e de exposición.
- Controis individuais de recapitulación de contidos ao longo de cada trimestre
- Supervisión do caderno de clase.
- Redacción mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico axeitados e que sexan comprensibles para o lector.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de escribir unha nota a un amigo.
- Recoñecemento e identificación de textos epistolares moi breves e sinxelos.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Reflexión ao respecto das diferenzas do uso das frases negativas nas dúas linguas.
- Utilización consciente do pronome “en”/ sen equivalencia na nosa lingua
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades..
- Adecuación do vocabulario para aprender a dirixirse, a situar lugares o a indicar direccións.
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para o uso do imperativo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar os comparativo.

- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.

### 6.4.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ESCRITA***

As probas serán variadas:

- ✓ Procura no texto de léxico estudado
- ✓ Redacción breve de textos: descrición física, diálogo de presentación, expresión de gustos afeccións.
- ✓ Realización de frases sinxelas
- ✓ Ditados.
- ✓ Exercicios indicados pola profesora
- ✓ Identificación de sinónimos e antónimos.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Ordenación de acontecementos .

***COMPRENSIÓN ORAL***

- ✓ Captación de información global e específica.
- ✓ Extracción de palabras, frases clave en audicións e copialas ou xénero das palabras.
- ✓ Obtención de información para autocorrixirse.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Toma de apuntamentos.
- ✓ Realización de actividades de relacionar (textos / fotos).

***PRODUCIÓN ORAL***

- ✓ Participación en exposicións orais (con ou sen axuda de frases clave ).
- ✓ Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos sobre o tema da unidade.
- ✓ Exposición de diálogos.
- ✓ Lectura dos textos, diálogos …traballados nas clases co ritmo e entoación adecuados.
- ✓ Resumo de textos.
- ✓ Resposta ás preguntas dunha sondaxe, dun texto …
- ✓ Exposicións orais breves sobre un tema proposto.

***PRODUCIÓN ESCRITA***

- ✓ Realización de actividades de relacionar (preguntas / respostas, como Pourquoi? Parce que).
- ✓ Finalización de frases coas estruturas e con formas verbais, e listaxes de palabras.
- ✓ Redacción de resumos, descricións, retratos, biografías a partir de apuntamentos, frases, descricións, postais..., usando textos e frases como modelo..
- ✓ Resposta a preguntas estudadas: Où habite-t-il? Quelle est sa professión? Qu'est-ce que tu aimes ? etc

### 6.4.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación é considerada de forma integradora e referida ao proceso de ensino e aprendizaxe.

A avaliación pedagóxica contempla dúas funcións, unha función formativa, que considera o proceso de ensino e aprendizaxe na súa globalidade, e unha función sumativa, que comproba de maneira puntual o grao de adquisición dos contidos traballados ao final dun período máis ou menos longo de ensino e aprendizaxe, mais sempre desde unha perspectiva formativa.

Sempre se terán en conta os logros dos alumnos e se avaliarán positivamente, ao consideralo un aspecto motivador para o alumnado.

A avaliación formativa está orientada a determinar as dificultades e avances que o alumnado vai tendo na realización das actividades propostas, coa finalidade de axustar a axuda pedagóxica cara ás actividades de reforzo ou de ampliación que se presentan nos cadernos dos alumnos.

Ao principio do proceso de aprendizaxe, haberá unha avaliación inicial, xa que consideramos que aínda que o alumnado sexa principiante na aprendizaxe do francés, non o vai ser na súa lingua materna, e polo tanto, teñen xa un grao diferente de desenvolvemento lóxico formal e un coñecemento cultural dificilmente equiparable.

Convén comprobar os seus coñecementos, habilidades e actitudes, o que se verá a través da unidade 0 e ao principio de cada unidade onde aparecen indicados os obxectivos de cada unha delas.

Ao longo do proceso de aprendizaxe, farase unha avaliación continua, para controlar o progreso das aprendizaxes dos alumnos e determinar os logros, amais das carencias, identificar as causas das súas dificultades e poder poñer en marcha as medidas de apoio axeitadas. Isto farase a través dunha observación continua, tanto do traballo individual coma do traballo en equipo dentro da aula; tamén a través da corrección de material elaborado na clase ou na casa, traballos de lectura voluntarios e mediante as probas de avaliación que se realizan do libro do alumno, para que o alumno tome conciencia do que aprendeu e do que lle queda por aprender.

Despois dun período máis ou menos longo de aprendizaxe, farase unha avaliación sumativa de carácter formativo co fin de obter un balance puntual e comprobar o grao de adquisición dos contidos programados. Esta avaliación sumativa realizarase a través de diferentes actividades de comprensión e expresión escritas e orais.

No referido ás producións orais do alumnado terase en conta a adaptación do discurso á situación de comunicación, o uso de estratexias de comunicación, a organización do discurso, o léxico empregado adecuadamente, a construción gramatical, a pronunciación e a entoación. Subliñamos que gravaremos en audio as producións orais para seren máis xustas á hora de cualificar.

No referente ás producións escritas atenderase a adaptación do discurso á situación de comunicación, á organización do mesmo, ao uso do léxico, á construción gramatical, á ortografía e á presentación. Coa finalidade de comprobar se o alumnado está a desenvolver as capacidades indicadas nos obxectivos, teremos en conta os seguintes criterios de avaliación:

1. Habilidades comunicativas:

- Identificar a información global e específica en textos orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.
- Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.

- ➢ Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- ➢ Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.
- ➢ Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico apropiados e que sexan comprensibles para o lector.

2. Reflexión sobre a lingua:

- ➢ Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira tanto a través de actividades contextualizadas como pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.
- ➢ Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades a aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa, apoiándose na comparación coa propia lingua.
- ➢ Estabelecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.
- ➢ Utilizar termos lingüísticos básicos sobre elementos gramaticais.

3. Aspectos socioculturais:

- ➢ Recoñecer os elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos sobre os que se traballa.
- ➢ Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación.
- ➢ Iniciar o descubrimento de certos hábitos culturais franceses relacionándoos cos propios e valorando positivamente as maneiras diferentes de concibir e interpretar a realidade.

As notas das avaliacións e a nota final serán o resultado das notas acadadas polos seguintes conceptos:

- ✓ Traballo persoal do alumno, que o gardará ordenado, en todo momento á disposición do profesor, que o irá revisando, valorando sempre os avances positivos e o esforzo.
- ✓ As actividades propostas a través de diferentes soportes
- ✓ Proba de lectura: fixándose na pronunciación, na nasalidade, na fluidez,…

- ✓ A asistencia a clase puntualmente co material requirido e boa disposición.
- ✓ A participación e actitude na clase que axudarán a avaliar a comprensión e a expresión oral.
- ✓ Participación na actividade de comunicación oral dentro da clase.
- ✓ Controis e exames escritos e orais.
- ✓ As probas realizadas na clase.

A profesora poderá modificar algúns dos aspectos citados (exames, traballos...) se por calquera circunstancia (dificultades de aprendizaxe, retraso na programación...) non se puidesen acadar todos os obxectivos previstos.

Tendo conta do carácter continuo, formativo e individualizado da avaliación, será posto en valor o progreso realizado polo alumno.

As cualificacións faranse nos seguintes termos que irán acompañados dunha expresión numérica de 0 a 10, sen decimais: Insuficiente (0, 1, 2, 3, 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7, 8) y Sobresaínte (9, 10).

A nota final de cada avaliación será o resultado da aplicación dos criterios seguintes na proporción que a continuación especificamos:

| | |
|---|---|
| **50%**<br>**5/10** | ***Probas escritas:***<br>Probas de gramática Comprensións escritas<br>Producións escritas<br>*Farase una media aritmética das notas.<br>A produción escrita avaliarase mediante una rúbrica |
| **30%**<br>**3/10** | ***Destrezas orais:***<br>Comprensións orais Producións orais<br>*A produción oral avaliarase mediante rúbrica |
| **15%**<br>**1,5/10** | ***Traballos:***<br>Neste apartado trátase de avaliar os deberes e traballos que se mande facer.<br>*Para avaliar este apartado, disporemos do caderno da profesora, de cuestionarios e de rúbricas. |

| | |
|---|---|
| **5 %**<br>**0,5/10** | ***Participación e deberes:***<br>Quenda de palabra, saír ao encerado a corrixir, preguntar, responder ás preguntas da profesora, ler.<br>*Este apartado avaliarase mediante o caderno |

***MOI IMPORTANTE:*** Como sempre traballamos con medias, precisamos que os cálculos sempre se realicen mantendo as decimais dos resultados obtidos.

***OS REDONDEOS SOAMENTE SE APLICAN NA NOTA GLOBAL FINAL DE CADA AVALIACIÓN A PARTIR DE 0,6 INCLUSIVE CARA A ARRIBA XA QUE O SISTEMA NON NOS PERMITE INTRODUCIR DECIMAIS NOS BOLETÍNS.***

Non obstante a nota final do curso obterase ao realizar a media dos porcentaxes de cada avaliación (a partir da nota con decimais, sen redondeo):

1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 50%.

Se a nota final da avaliación non é un número exacto, aplicarase un redondeo ao alza tamén, a partir de 0,6 inclusive.

No caso de que un alumno ou unha alumna copie durante unha proba, anularase a devandita proba, tendo que recuperala cando a profesora o considere oportuno.

Por último e en relación á falta de asistencia dos alumnos aos exames, como norma xeral, o alumno que no asiste a un exame deberá presentar ao profesor a debida xustificación da súa ausencia o mesmo día que se reincorpore ao centro. O profesor decidirá dependendo do tipo de xustificación, se procede repetir o exame e en caso afirmativo, o día e a hora. Se o alumno non presenta a xustificación no prazo estabelecido non se realizará o exame.

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación dos apartados 3 e 4, polas continuas faltas de asistencia, realizará un exame por trimestre (escrito e oral), que suporá a nota de cada avaliación.

### 6.4.5. MECANISMOS DE REFORZO E PENDENTES

Os alumnos co francés pendente realizarán traballos e probas escritas, coordinadas polo departamento, cun seguimento persoal, directo e constante, ao longo do curso, e se seguirá unha avaliación continua dos progresos logrados, quedando polo tanto superada a materia se, ao final das actividades e probas, o aproveitamento é positivo.

***Se o devandito alumno segue cursando a materia de francés,*** poderá recuperar a pendente da maneira seguinte:

- Realizando fichas e exercicios facilitados pola profesora
- Realizando traballos en calquera soporte proposto
- Aprobar a materia do curso vixente.

Se o alumno ten unha cualificación positiva no curso vixente e fixo todos os traballos facilitados pola profesora, considerarase a materia pendente aprobada.
No caso de que o alumno non aprobe deste xeito, farase un exame global de todos os contidos do curso no mes de maio, data establecida polo Equipo Directivo do centro.
***Se o alumno xa non cursa a materia***, sexa por abandonar e estar exento ou sexa por escoller outra optativa, deberá:

- Realizar exercicios e fichas facilitadas pola profesoras
- Facer unha proba en cada avaliación, nunha data consensuada tanto polo Equipo Directivo, como pola profesora e o alumno en cuestión.

No caso de non superar a materia deste xeito, o alumno deberá facer unha proba escrita no mes de maio, na data fixada polo centro.

### *6.4.6. AVALIACIÓN INICIAL*

A avaliación inicial contribúe á mellora do rendemento tanto do ensino como da aprendizaxe. Para que resulte eficaz, esta avaliación ten que ser continua e estar atenta á evolución do alumnado, tanto no plano intelectual, como afectivo e social.

Ao principio de cada proceso de ensino-aprendizaxe e non só ao inicio do curso, farase unha avaliación inicial para detectar o nivel de partida, os coñecementos previos e ver se existen problemas de aprendizaxe.

Debemos saber que coñecen e saben facer os alumnos, como mellora, que intereses e motivacións teñen ante a aprendizaxe. Esta avaliación realizarase a través da observación directa e sistemática na aula, pódese levar un diario da evolución, mediante cuestionarios e tamén a través de probas estandarizadas.

Ao inicio de curso, o profesor marcará as pautas a seguir:

- Os alumnos serán informados dos materiais que deberán usar durante o ano escolar, dos usados polo profesor e os recursos que se poderán usar en diferentes momentos. Empregaranse o móbil en clase e as redes sociais con finalidade didáctica.
- Exporanse os obxectivos didácticos e os criterios de avaliación e cualificación para que os coñezan en todo momento. Terán á súa disposición un resumo facilitado pola profesora.
- Poderán usarse os materiais e recursos que se consideren oportunos en cada momento de aprendizaxe: CD, DVD, ordenadores,…
- Iniciaranse as clases cunha exploración dos coñecementos previos, para motivar os alumnos e detectar os posibles erros de aprendizaxe.
- As distintas actividades realizaranse de forma estruturada.
- O sistema de agrupamento adecuarase ao tipo de actividade e destreza que se pretenda desenvolver.
- Favorecerase a participación do alumnado nas tarefas interactivas, usando a lingua estranxeira en situación reais de comunicación.
- Potenciarase a aprendizaxe significativa relacionando os coñecementos adquiridos cos aspectos da vida cotiá e en relación con outras materias.
- Procurarase desenvolver unha actitude positiva fronte a aprendizaxe valorada nos logros de cada un na súa medida fomentando a reflexión sobre a súa aprendizaxe.

## 7. 4ºESO

### 7.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

O obxectivo para este curso é o de garantir a adquisición das aptitudes descritas polo CECR para o nivel A2-B1

***Comprensión oral***

- Escoitar e entender globalmente monólogos e diálogos moi sinxelos, nun contexto cotián, sobre temas próximos aos alumnos.
- Sensibilizarnos con intercambios comunicativos situados fóra do marco afín (televisión, radio) e escoitar algúns testemuños.
- Entrar en contacto coas variacións de acentos e o rexistro literario.

- Escoitar e entender globalmente mensaxes de xente nova falando dunha viaxe, describíndose e describindo xente coñecida, expresando as súas emocións do momento, deixando unha mensaxe nun contestador telefónico, dando consellos nun vídeo, falando dos seus amigos ou familiares.
- Escoitar e entender globalmente mensaxes de adultos falando das súas emocións, deixando mensaxes nun contestador telefónico, falando da súa cidade, falando da súa xuventude.
- Escoitar e entender globalmente o discurso dun contacontos africano. Escoitar e entender globalmente cancións e usalas como modelo e fonte de inspiración. Escoitar e entender globalmente diálogos curtos en situacións da vida cotiá: entrevistas a adolescentes.

***Produción oral***

- Tomar a palabra individualmente e manter intercambios nos límites das nosas posibilidades.
- Mellorar a súa pronunciación mediante cancións en grupo ou individualmente, e a repetición de trabalinguas.
- Desenvolver unha expresión creativa a partir do modelo de cancións e poemas. Memorizar e interpretar pequenas escenas dialogadas.
- Expresarse sobre temas afíns, pasando da información obxectiva á opinión subxectiva, enriquecendo a comunicación mediante a expresión de sentimentos, opinións persoais (comentar un horario persoal e comparalo co seu propio; dar unha opinión sobre a moda; xustificar unha elección; imaxinar a continuación dun relato; contar unha anécdota persoal; comparar dous relatos sobre unha mesma anécdota; comentar as súas reaccións persoais; dar consellos; dar opinións; falar da súa vila; xustificar as súas respostas).
- Participar en tarefas finais para iniciarse na comunicación absolutamente auténtica no marco dun proxecto concreto.

***Comprensión escrita***

- Iniciarse na comprensión de textos escritos de natureza diversa e auténticos: anuncios, carteis e documentos auténticos funcionais (axenda, informe policial, plano dunha cidade, cartel dunha película); cómics; fragmentos literarios sinxelos, curtos pero auténticos (poemas, novelas, contos); prensa e documentos informativos formais (horóscopo; historia de prendas;

a alimentación do futuro; test sobre amizade; testemuños de persoas novas que colaboran con asociacións).

- Facer buscas en Internet para completar as informacións dadas no libro de texto. Comprender documentos comunicativos persoais menos formais (anuncios persoais; lendas de fotos; postais; tarxetas de agradecemento; mensaxes nas redes sociais).

***Produción escrita***

- Desenvolver a expresión escrita a partir de modelos.
- Cubrir unha ficha de presentación -no marco das tarefas iniciais- para responder a un anuncio, presentar un lugar que nos gusta, e realizar un cartel para presentar unha asociación.
- Producir diferentes tipos de texto no marco do taller de escritura (ficha de presentación; correo electrónico para contar unha viaxe; cuestionario para facer unha enquisa na clase; postal de vacacións; tarxeta de agradecemento; relato de estilo literario.
- Evitar erros ortográficos recorrentes que impiden unha correcta comprensión.

## 7.2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

| 4 DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. | B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.<br>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descricións, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |
| | | | SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |
| | | | SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |

| 4 DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | | B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe. | SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |
| | | | SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |
| | | | SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |

**4 DA ESO**

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias claves | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B2.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>Execución:<br>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.<br>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as | B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.<br>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.<br>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.<br>B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou | SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |
| | | | SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |

| 4 DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>Lingüísticos:<br>- Modificar palabras de significado parecido.<br>Definir ou parafrasear un termo ou expresión.<br>Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.<br>Pedir axuda.<br>Paralingüísticos:<br>Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. | ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. | SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |

| 4 DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah…) de valor comunicativo.<br>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. | | SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | | |
| a<br>c<br>d<br>e<br>i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. | B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e | SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |

| **4 DA ESO** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.<br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | expresións non coñecidas.<br>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.<br>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.<br>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común. | SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | |
| | | | SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |
| | | | SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |
| | | | SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |

| 4 DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Bloque 4: Produción de textos escritos | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B4.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>Execución:<br>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>Estruturación do contido do texto.<br>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras | B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.<br>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.<br>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adecuado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.<br>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. | SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |
| | | | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |
| | | | SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 40% |

| 4 DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).<br>Revisión:<br>Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)<br>Reescritura definitiva. | | SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i<br>o | B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>Sons e fonemas vocálicos.<br>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. | B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | 40% |

| 4 DA ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias claves** | **Grao de consecución** |
| | Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, paréntes e comiñas.<br>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. | a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.<br>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | |
| | | | SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 40% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>B5.4. Plurilingüismo:<br>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>B5.5. Funcións comunicativas:<br>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi | centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.<br>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente. | SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | básica de sucesos futuros.<br>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.<br>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |

## 7.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE 0: segunda quincena de setembro

UNIDADE 1: Mes de outubro

UNIDADE 2: Mes de novembro

UNIDADE 3: Mes de decembro e xaneiro

UNIDADE 4: Mes de febreiro e marzo

UNIDADE 5: Mes de abril

UNIDADE 6: Mes de maio

UNIDADE 7: Reforzo e recuperación no mes de xuño

## 7.4. AVALIACIÓN
### 7.4.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os contidos mínimos que os alumnos deben acadar responderán os seguintes aspectos:

***Morfosintaxe***

- Pronomes persoais tónicos e átonos
- Passé Composé
- Imperfecto
- Adxectivos e pronomes interrogativos
- Adxectivos e pronomes demostrativos O futuro e o condicional
- Pronomes persoais OD e OI
- O desenvolvemento da acción: aller, être en train de….venir de + infinitif"
- Expresar a causa.
- Expresar a finalidade
- Facer hipótese sobre o futuro Expresar a oposición
- O estilo indirecto no presente.

**Léxico**

- Roupa e accesorios
- Actividades de " loisirs"
- O corpo humano
- Os deportes e tempo libre
- Os sentimentos
- Nacionalidades
- Empregos
- Xéneros literarios
- Descricións.
- A cidade: vida rural e urbana

***Funcións e intencións comunicativas***

- Falar en pasado
- Dar consellos
- Falar do estado físico e das enfermidades
- Falar dos gustos e preferencias
- Describir unha paisaxe
- Comunicarse mediante carta, telefono, etc.
- Facer perdicións, hipóteses e proxectos

## 7.4.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ORAL***

Sons orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos/as (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.

- Utilización de material auténtico, tanto gravacións como mensaxes de Internet, para aprender a expresar os gustos.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para entablar un diálogo.
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas e emprego axeitado delas.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar relatos en pasado, presente e futuro.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación

***PRODUCIÓN ORAL***

- Diálogo directo do alumno coa profesora e cos seus compañeiros.
- Emprego de fórmulas básicas de interacción social para estabelecer un diálogo.
- Uso de regras propias do intercambio comunicativo Identificación das diferentes fórmulas.
- Análise da diferenza de uso entre "tu" e "vous" e as súas implicacións no saúdo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de falar do continente e do contido dunha casa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para contar acontecementos en pasado.
- Utilización consciente de estratexias de comunicación para expresar o emprego dos adxectivos posesivos, insistindo nos dun posuidor.
- Participación en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.
- Adecuación do vocabulario para ser capaz de expresar gustos e deportes practicados.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para pedir cousas.

- Realización de actividades de expresión oral: lecturas, diálogos, xogos de rol, poemas, cancións...
- Emprego contextualizado das fórmulas de relación social (para pedir cousas o contestar).
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar o imperativo.
- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.
- Utilización consciente do funcionamento dos elementos lingüísticos para expresar en pasado unha acción rematada a un amigo.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de expresar todo o relacionado coa alimentación.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades.
- Utilización sistemática de estratexias comunicación para dar conta de acontecementos en pasado.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de emitir opinións sobre o perfil dunha persoa.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar acordo ou desacordo.

***COMPRENSIÓN ESCRITA***

- Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.

***PRODUCIÓN ESCRITA***

- A observación diaria do profesor e a revisión diaria das tarefas de casa.
- Realización de actividades de documentación e de exposición.
- Controis individuais de recapitulación de contidos ao longo de cada trimestre
- Supervisión do caderno de clase.
- Redacción mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico axeitados e que sexan comprensibles para o lector.
- Adecuación do vocabulario para ser capaces de escribir unha nota a un amigo.
- Recoñecemento e identificación de textos epistolares moi breves e sinxelos.
- Utilización sistemática de estratexias de comunicación para expresar cantidades en forma afirmativa e ser capaces de transformalas en frases negativas.
- Reflexión ao respecto das diferenzas do uso das frases negativas nas dúas linguas.
- Utilización consciente do pronome “en”/ sen equivalencia na nosa lingua
- Utilización sistemática dos interrogativos para ser capaces de preguntar cantidades..
- Adecuación do vocabulario para aprender a dirixirse, a situar lugares o a indicar direccións.
- Participación en actividades de clase para aprender a estabelecer diálogos relacionados coa expresión dun lugar.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para expresar localizacións no tempo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para o uso do imperativo.
- Utilización consciente de elementos lingüísticos para utilizar os comparativo.
- Emprego de fórmulas básicas para ser capaces de expresar matices temporais.

### 7.4.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

***COMPRENSIÓN ESCRITA***

As probas serán variadas:

- ✓ Procura no texto de léxico estudado
- ✓ Redacción breve de textos: descrición física, diálogo de presentación, expresión de gustos afeccións.
- ✓ Realización de frases sinxelas
- ✓ Ditados.

- ✓ Exercicios indicados pola profesora
- ✓ Identificación de sinónimos e antónimos.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Ordenación de acontecementos .

### *COMPRENSIÓN ORAL*

- ✓ Captación de información global e específica.
- ✓ Extracción de palabras, frases clave en audicións e copialas ou xénero das palabras.
- ✓ Obtención de información para autocorrixirse.
- ✓ Audición e lectura simultánea de textos.
- ✓ Toma de apuntamentos.
- ✓ Realización de actividades de relacionar (textos / fotos).

### *PRODUCIÓN ORAL*

- ✓ Participación en exposicións orais (con ou sen axuda de frases clave ).
- ✓ Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos sobre o tema da unidade.
- ✓ Exposición de diálogos.
- ✓ Lectura dos textos, diálogos …traballados nas clases co ritmo e entoación adecuados.
- ✓ Resumo de textos.
- ✓ Resposta ás preguntas dunha sondaxe, dun texto …
- ✓ Exposicións orais breves sobre un tema proposto.

### *PRODUCIÓN ESCRITA*

- ✓ Realización de actividades de relacionar (preguntas / respostas, como Pourquoi? Parce que).
- ✓ Finalización de frases coas estruturas e con formas verbais, e listaxes de palabras.
- ✓ Redacción de resumos, descricións, retratos, biografías a partir de apuntamentos, frases, descricións, postais..., usando textos e frases como modelo..
- ✓ Resposta a preguntas estudadas: Où habite-t-il? Quelle est sa professión? Qu'est-ce que tu aimes ? etc

### 7.4.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación é considerada de forma integradora e referida ao proceso de ensino e aprendizaxe.

A avaliación pedagóxica contempla dúas funcións, unha función formativa, que considera o proceso de ensino e aprendizaxe na súa globalidade, e unha función sumativa, que comproba de maneira puntual o grao de adquisición dos contidos traballados ao final dun período máis ou menos longo de ensino e aprendizaxe, mais sempre desde unha perspectiva formativa.

Sempre se terán en conta os logros dos alumnos e se avaliarán positivamente, ao consideralo un aspecto motivador para o alumnado.

A avaliación formativa está orientada a determinar as dificultades e avances que o alumnado vai tendo na realización das actividades propostas, coa finalidade de axustar a axuda pedagóxica cara ás actividades de reforzo ou de ampliación que se presentan nos cadernos dos alumnos.

Ao principio do proceso de aprendizaxe, haberá unha avaliación inicial, xa que consideramos que aínda que o alumnado sexa principiante na aprendizaxe do francés, non o vai ser na súa lingua materna, e polo tanto, teñen xa un grao diferente de desenvolvemento lóxico formal e un coñecemento cultural dificilmente equiparable.

Convén comprobar os seus coñecementos, habilidades e actitudes, o que se verá a través da unidade 0 e ao principio de cada unidade onde aparecen indicados os obxectivos de cada unha delas.

Ao longo do proceso de aprendizaxe, farase unha avaliación continua, para controlar o progreso das aprendizaxes dos alumnos e determinar os logros, amais das carencias, identificar as causas das súas dificultades e poder poñer en marcha as medidas de apoio axeitadas. Isto farase a través dunha observación continua, tanto do traballo individual coma do traballo en equipo dentro da aula; tamén a través da corrección de material elaborado na clase ou na casa, traballos de lectura voluntarios e mediante as probas de avaliación que se realizan do libro do alumno, para que o alumno tome conciencia do que aprendeu e do que lle queda por aprender.

Despois dun período máis ou menos longo de aprendizaxe, farase unha avaliación sumativa de carácter formativo co fin de obter un balance puntual e comprobar o grao de adquisición dos contidos programados.

Esta avaliación sumativa realizarase a través de diferentes actividades de comprensión e expresión escritas e orais.

No referido ás producións orais do alumnado terase en conta a adaptación do discurso á situación de comunicación, o uso de estratexias de comunicación, a organización do discurso, o léxico empregado adecuadamente, a construción gramatical, a pronunciación e a entoación. Subliñamos que gravaremos en audio as producións orais para seren máis xustas á hora de cualificar.

No referente ás producións escritas atenderase a adaptación do discurso á situación de comunicación, á organización do mesmo, ao uso do léxico, á construción gramatical, á ortografía e á presentación. Coa finalidade de comprobar se o alumnado está a desenvolver as capacidades indicadas nos obxectivos, teremos en conta os seguintes criterios de avaliación:

1. Habilidades comunicativas:

- Identificar a información global e específica en textos orais emitidos en francés tanto polo profesor coma por outros alumnos (conversacións, diálogos,...) sobre temas que lles resulten familiares, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada, sendo quen de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto, interactuando na aula.
- Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e aplicando estratexias de comprensión e de expresións comúns nas relacións sociais.
- Identificar a información de mensaxes escritas en francés de estrutura sinxela e de extensión limitada, referidos a situacións de comunicación habituais para o alumno tales como o entorno familiar, o centro escolar, os amigos e o tempo de lecer.
- Ler individualmente textos con apoio visual e libros sinxelos demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.
- Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico apropiados e que sexan comprensibles para o lector.

2. Reflexión sobre a lingua:

- Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira tanto a través de actividades contextualizadas como pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.

- Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades a aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa, apoiándose na comparación coa propia lingua.
- Estabelecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.
- Utilizar termos lingüísticos básicos sobre elementos gramaticais.

3. Aspectos socioculturais:

- Recoñecer os elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos sobre os que se traballa.
- Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación.
- Iniciar o descubrimento de certos hábitos culturais franceses relacionándoos cos propios e valorando positivamente as maneiras diferentes de concibir e interpretar a realidade.

As notas das avaliacións e a nota final serán o resultado das notas acadadas polos seguintes conceptos:

- ✓ Traballo persoal do alumno, que o gardará ordenado, en todo momento á disposición do profesor, que o irá revisando, valorando sempre os avances positivos e o esforzo.
- ✓ As actividades propostas a través de diferentes soportes
- ✓ Proba de lectura: fixándose na pronunciación, na nasalidade, na fluidez,…
- ✓ A asistencia a clase puntualmente co material requirido e boa disposición.
- ✓ A participación e actitude na clase que axudarán a avaliar a comprensión e a expresión oral.
- ✓ Participación na actividade de comunicación oral dentro da clase.
- ✓ Controis e exames escritos e orais.
- ✓ As probas realizadas na clase.

A profesora poderá modificar algúns dos aspectos citados (exames, traballos...) se por calquera circunstancia (dificultades de aprendizaxe, retraso na programación...) non se puidesen acadar todos os obxectivos previstos.

Tendo conta do carácter continuo, formativo e individualizado da avaliación, será posto en valor o progreso realizado polo alumno.

As cualificacións faranse nos seguintes termos que irán acompañados dunha expresión numérica de 0 a 10, sen decimais: Insuficiente (0, 1, 2, 3, 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7, 8) y Sobresaínte (9, 10).

A nota final de cada avaliación será o resultado da aplicación dos criterios seguintes na proporción que a continuación especificamos:

| | |
|---|---|
| **50%**<br>**5/10** | ***Probas escritas:***<br>Probas de gramática Comprensións escritas<br>Producións escritas<br>*Farase una media aritmética das notas.<br>A produción escrita avaliarase mediante una rúbrica |
| **30%**<br>**3/10** | ***Destrezas orais:***<br>Comprensións orais Producións orais<br>*A produción oral avaliarase mediante rúbrica |
| **15%**<br>**1,5/10** | ***Traballos:***<br>Neste apartado trátase de avaliar os deberes e traballos que se mande facer.<br>*Para avaliar este apartado, disporemos do caderno da profesora, de cuestionarios e de rúbricas. |
| **5 %**<br>**0,5/10** | ***Participación e deberes:***<br>Quenda de palabra, saír ao encerado a corrixir, preguntar, responder ás preguntas da profesora, ler.<br>*Este apartado avaliarase mediante o caderno |

***MOI IMPORTANTE:*** Como sempre traballamos con medias, precisamos que os cálculo sempre se realicen mantendo as decimais dos resultados obtidos.

***OS REDONDEOS SOAMENTE SE APLICAN NA NOTA GLOBAL FINAL DE CADA AVALIACIÓN A PARTIR DE 0,6 INCLUSIVE CARA A ARRIBA XA QUE O SISTEMA NON NOS PERMITE INTRODUCIR DECIMAIS NOS BOLETÍNS.***

Non obstante a nota final do curso obterase ao realizar a media dos porcentaxes de cada avaliación (a partir da nota con decimais, sen redondeo):

1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 50%.

Se a nota final da avaliación non é un número exacto, aplicarase un redondeo ao alza tamén, a partir de 0,6 inclusive.

No caso de que un alumno ou unha alumna copie durante unha proba, anularase a devandita proba, tendo que recuperala cando a profesora o considere oportuno.

Por último e en relación á falta de asistencia dos alumnos aos exames, como norma xeral, o alumno que no asiste a un exame deberá presentar ao profesor a debida xustificación da súa ausencia o mesmo día que se reincorpore ao centro. O profesor decidirá dependendo do tipo de xustificación, se procede repetir o exame e en caso afirmativo, o día e a hora. Se o alumno non presenta a xustificación no prazo establecido non se realizará o exame.

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación dos apartados 3 e 4, polas continuas faltas de asistencia, realizará un exame por trimestre (escrito e oral), que suporá a nota de cada avaliación.

#### 7.4.5. MECANISMOS DE REFORZO E PENDENTES

Os alumnos co francés pendente realizarán traballos e probas escritas, coordinadas polo departamento, cun seguimento persoal, directo e constante, ao longo do curso, e se seguirá unha avaliación continua dos progresos logrados, quedando polo tanto superada a materia se, ao final das actividades e probas, o aproveitamento é positivo.

***Se o devandito alumno segue cursando a materia de francés,*** poderá recuperar a pendente da maneira seguinte:

- Realizando fichas e exercicios facilitados pola profesora
- Realizando traballos en calquera soporte proposto
- Aprobar a materia do curso vixente.

Se o alumno ten unha cualificación positiva no curso vixente e fixo todos os traballos facilitados pola profesora, considerarase a materia pendente aprobada.

No caso de que o alumno non aprobe deste xeito, farase un exame global de todos os contidos do curso no mes de maio, data establecida polo Equipo Directivo do centro.

***Se o alumno xa non cursa a materia***, sexa por abandonar e estar exento ou sexa por escoller outra optativa, deberá:

- Realizar exercicios e fichas facilitadas pola profesoras
- Facer unha proba en cada avaliación, nunha data consensuada tanto polo Equipo Directivo, como pola profesora e o alumno en cuestión.

No caso de non superar a materia deste xeito, o alumno deberá facer unha proba escrita no mes de maio, na data fixada polo centro.

### *7.4.6. AVALIACIÓN INICIAL*

A avaliación inicial contribúe á mellora do rendemento tanto do ensino como da aprendizaxe. Para que resulte eficaz, esta avaliación ten que ser continua e estar atenta á evolución do alumnado, tanto no plano intelectual, como afectivo e social.

Ao principio de cada proceso de ensino-aprendizaxe e non só ao inicio do curso, farase unha avaliación inicial para detectar o nivel de partida, os coñecementos previos e ver se existen problemas de aprendizaxe.

Debemos saber que coñecen e saben facer os alumnos, como mellora, que intereses e motivacións teñen ante a aprendizaxe. Esta avaliación realizarase a través da observación directa e sistemática na aula, pódese levar un diario da evolución, mediante cuestionarios e tamén a través de probas estandarizadas.

Ao inicio de curso, o profesor marcará as pautas a seguir:

- ❖ Os alumnos serán informados dos materiais que deberán usar durante o ano escolar, dos usados polo profesor e os recursos que se poderán usar en diferentes momentos. Empregaranse o móbil en clase e as redes sociais con finalidade didáctica.
- ❖ Exporanse os obxectivos didácticos e os criterios de avaliación e cualificación para que os coñezan en todo momento. Terán á súa disposición un resumo facilitado pola profesora.
- ❖ Poderán usarse os materiais e recursos que se consideren oportunos en cada momento de aprendizaxe: CD, DVD, ordenadores,…
- ❖ Iniciaranse as clases cunha exploración dos coñecementos previos, para motivar os alumnos e detectar os posibles erros de aprendizaxe.
- ❖ As distintas actividades realizaranse de forma estruturada.
- ❖ O sistema de agrupamento adecuarase ao tipo de actividade e destreza que se pretenda desenvolver.
- ❖ Favorecerase a participación do alumnado nas tarefas interactivas, usando a lingua estranxeira en situación reais de comunicación.

- Potenciarase a aprendizaxe significativa relacionando os coñecementos adquiridos cos aspectos da vida cotiá e en relación con outras materias.
- Procurarase desenvolver unha actitude positiva fronte a aprendizaxe valorada nos logros de cada un na súa medida fomentando a reflexión sobre a súa aprendizaxe.

## 8. RESUMO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

### 8.1. 1ºESO

| UNIDADE | NÚMERO | PROXECTOS | OBXECTIVOS DE COMUNICACIÓN | OBXECTIVOS GRAMATICAIS E FONÉTICOS | OBXECTIVOS LÉXICOS | OBXECTIVOS CULTURAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **BIENVENUE!!!!** | 0 | As palabras transparentes | Darse de conta que sabemos palabras francesas | | Como comunicarse coa profesora | A Francofonía |
| **SALUT, ÇA VA?** | 1 | Debuxarse e presentarse | Saudar, presentarse, o abecedario, a fonética | Verbos e preguntas<br>Sons [y] e [u] | Abecedario, nome, idade, números do 1 ao 20, saudar. | Tratamento de vostede<br>A cidade de París |
| **J'ADORE!** | 2 | Facer o seu horario<br>Presentar o seu ídolo<br>Inventar un perfil | Presentar alguén, a data: días, meses do ano. Falar dos seus gustos | Os substantivos, os artigos, verbos da primeira conxugación, [e] e [Œ] | As profesións, os meses, os número ata 31, as festas e os días festivos, os animais | A cidade de Nantes<br>As rexións de Francia |
| **J'HABITE EN SUISSE** | 3 | Vídeo presentación<br>Cartaz presentación | Falar dos pa´ñises, as nacionalidades e as linguas, falar dos seus gustos | Preposicións, adxectivos de nacionalidade, verbos regulares, c'est-il est, a negación, os pronomes tónicos | Países, nacionalidades, linguas, actividades de lecer, desportes, música. | Suíza e Canadá |
| **MA FAMILLE** | 4 | Invitar un novo personaxe dunha familia coñecida | Falar da súa familia, describirse fisicamente, psicoloxicamente. Falar da moda. | Posesivos, o xénero e o nñumero dos substantivos, adverbios, facer preguntar.<br>As nasais en francés | Familia, descrición, roupa, personalidade, cores | A familia Bélier |
| **LE COLLÈGE** | 5 | Facer unha reportaxe no cole | Materias, horario lectivo, deporte e actividades extraescolares | Interrogación, negación, verbos irregulares, as horas. La liaison | Colexio, materias, horas, actividades e frecuencia | As DOM-TOM |
| **MA SEMAINE** | 6 | Preparar unha excursión | Falar do seu cotián e das saídas | Verbos irregulares | Actividades, expresións para falar | Marsella |
| **LA GRANDE RÉVISION** | 7 | Vídeo: Me voilà! | Repaso | Repaso | Repaso | Vídeo Cuntis |

## 8.2. 2ºESO

| UNIDADE | NÚMERO | PROXECTOS | OBXECTIVOS DE COMUNICACIÓN | OBXECTIVOS GRAMATICAIS E FONÉTICOS | OBXECTIVOS LÉXICOS | OBXECTIVOS CULTURAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BIENVENUE!!!! | 0 | Vídeo presentación | Repaso de 1ºESO | Repaso de 1ºESO | Repaso de 1ºESO | A Francofonía |
| MON QUARTIER | 1 | Presentar a vila de Cuntis | Falar da cidade, do lugar onde vive, orientarse, mercar | Hai-non hai, on, verbo pouvoir, presposións de lugar e medios de transporte, | A cidade, medios de transporte, compras, tendas | Paris et Lyon |
| JE ME SENS BIEN | 2 | O Día da felicidade | Falar do corpo e das emocións | Il faut, pour tu pourrais + inf | As partes do corpo, as emocións positivas e negativas | A cidade de Toulouse |
| BON APPÉTIT! | 3 | Menú para o Día da Francofonía | Falar de gastronomía, no restaurante | Expresión dos gustos, os partitivos, chez, avoir besoin de | Comida, bebida, restaurante, cantidades, as comidas do día | A gastronomía francesa |
| MES INTÊRETS | 4 | O parte do tempo | Falar de profesións e de estudos, falar en futuro | Pasado, futuro | As estacións, o clima, paisaxes, tempo, actividades | Telexornal francés |
| SUR LA ROUTE | 5 | 48 horas en Cuntis | Falar de viaxes | Pasado, futuro | Viaxes | Cuntis |
| RECYCLONS! | 6 | Facer un titorial | Facer un titorial | Pronomes cod, conectores, demostrativos, preposicións | Reciclaxe, roupa, elementos naturais | Nantes: a cidade verde |
| LA GRANDE RÉVISION | 7 | Vídeo: Me voilà! | Repaso | Repaso | Repaso | Vídeo Cuntis |

## 8.3. 3ºESO

| UNIDADE | NÚMERO | PROXECTOS | OBXECTIVOS DE COMUNICACIÓN | OBXECTIVOS GRAMATICAIS E FONÉTICOS | OBXECTIVOS LÉXICOS | OBXECTIVOS CULTURAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BIENVENUE!!!! | 0 | Facer autobiografía | Presentarse | Presente, pasado | Repaso do curso anterior | |
| CONNECTÉS | 1 | Redes sociais | Falar das redes sociais e dos seus perigos | Negación composta, futuro, indefinidos | Describir un obxecto e falar dos obxectos tecnolóxicos | Aix-Marseille |
| LA MAISON | 2 | A casa ideal | Describir a casa | Hai-non hai, pronomes y e en | A casa, as tarefas do fogar | Bretaña |
| FICTIONS | 3 | Youtubers | Falar de pelis, series e libros, contar historias | Imperfecto, conectores, a interrogación parcial | Os xéneros literarios, expresión da opinión e dos seus sentimentos, dar a súa opinión | Suíza e Canadá |
| À TABLE! | 4 | Inventar un novo prato | Falar de alimentación e da vida saudábel | Os partitivos, hai.non hai, a negación, expresión da cantidade, os pronomes en e y | Gastronomía, alimentos, poñer a mesa, a cociña, os verbes da cociña | As crêpes e a cociña das illas DOM TOM |
| ENGAGÉS | 5 | Organizar unha manifestación | Falar dos problemas no mundo, as campañas de sensibilización, dicir como poderiamos axudar aos demais | As perífrases verbais, os pronomes persoais cod e coi, o imperativo, o futuro | As relacións de solidariedade no colexio, os problemas no mundo | Os problemas dos países francófonos |
| VOYAGES | 6 | Describir un país francófono | Falar das vacacións, describir cidades, falar dos monumentos e dos sitios turísticos, contar as súas experiencias | Alternancia pasado composto e imperfecto, os pronomes relativos, expresións do tempo | Viaxes, actividades de lecer durante unha viaxe, conectores temporais | Monumentos máis representativos dos países francófonos |
| LA GRANDE RÉVISION | 7 | Vídeo: Me voilà! | Repaso | Repaso | Repaso | Vídeo Cuntis |

## 8.4. 4ºESO

| UNIDADE | NÚMERO | PROXECTOS | OBXECTIVOS DE COMUNICACIÓN | OBXECTIVOS GRAMATICAIS E FONÉTICOS | OBXECTIVOS LÉXICOS | OBXECTIVOS CULTURAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **BIENVENUE!!!!** | 0 | Falar de se mesmo e falar dos seus proxectos | Falar de se mesmo e falar dos seus proxectos | Repaso | Repaso | |
| **DEMAIN** | 1 | Cuntis no ano 3000 | Falar das cidades e das casas no futuro | O futuro, os conectores, a expresión da hipótese, comparativos e superlativos | A casa, os obxectos. | Le Futuroscope de Poistiers |
| **MON MONDE** | 2 | Diálogo familia-adolescente | Falar das súas relacións familiares, falar das súas amizades | Expresión para pedir e propoñer, verbos coas preposición à e de, pronomes cod et coi, quand e pendant | Expresións para aceptar e rexeitar, os adxectivos | Un gars, une fille |
| **ALLEZ L'OM! LE COACH** | 3 | Inventar unha competeción deportiva | Falar dos deportes e das competicións, falar do benestar a través do deporte, falar dos obxectos ligados ao deporte | Déjà-jamais, o pronome demostrativo neutro | Os deportes, a saúde, o material deportivo | Bien dans mon corps |
| **JE M'INFORME** | 4 | Inventar unha fake news. O telexornal | Falar da prensa, das noticias falsas e das noticias que nos interesan | Expresión da causa e da consecuencia, o condicional | A prensa, as redes sociais | O telexornal |
| **LA MUSIQUE** | 5 | Facer unha playlist de cancións en lingua francesa | Falar dos seus gustos musicais, dos instrumentos de música e dos xéneros musicais | A oración exclamativa e as subordinadas temporais | O mundo da música | Exposicións grupos |
| **MES ORIGINES** | 6 | Cartaz das palabras francesas favoritas | Falar de historia e das súas orixes | Verbos irregulares, pasado, pronomes relativos, pronomes possessivos | Historia, lugares, linguas, infancia | A emigración |
| **LA GRANDE RÉVISION** | 7 | Vídeo: Me voilà! | Repaso | Repaso | Repaso | Vídeo Cuntis |

## 9. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Para o curso académico 2021-2022, os exames da convocatoria extraordinaria realizaranse no mes de xuño. Con todo, pola falta de información e instrucións firmes, non podemos establecer unha organización real e factible.

O alumno que non acade un cinco de media na convocatoria ordinaria segundo a ponderación que expuxemos e detallamos nos puntos 4.4, 5.4, 6.4 e 7.4. da presente programación, deberá realizar unha proba escrita que incluirá:

- Aspectos gramaticais e léxicos de todo o curso
- Unha comprensión oral
- Unha comprensión escrita
- Unha produción escrita

A devandita proba será puntuada de 0 a 10 e considerarase a materia recuperada se o alumno obtén un cinco.

Por outra banda, e coa finalidade de pór en marcha mecanismos de reforzo, axudarase ao alumnado que non acade os mínimos esixibles do curso a través de fichas de repaso e dunha interacción vía aula virtual.

A data do devandito exame será fixado sexa polo Equipo Directivo.

## 10. METODOLOXÍA

A metodoloxía constitúe o conxunto de criterios, principios e estratexias que permiten orientala acción educativa.

Na programación de aula prevista, temos en conta as recomendacións e progresións do marco europeo común de referencia para as linguas e as normativas oficiais fixadas para o ensino da 2ª lingua estranxeira na ESO.

No contexto do marco europeo común de referencia, os contidos e as competencias traballadas neste curso e con este método sitúanse entre as seccións A1 e A2 (para os 4 primeiros niveis). Para 1º da ESO, A1- A1.1. No ámbito nacional, temos en conta os contidos e os obxectivos fixados polas autoridades educativas nacionais e as progresións establecidas pola autonomía. Aínda que hai que sinalar que algúns alumnos acadan ao remate da ESO un nivel A2 elevado -B1 inicial; outros quedan no A2.

No proceso de ensino-aprendizaxe, incorporamos a evolución actual da didáctica das linguas estranxeiras; con progresións nas catro destrezas lingüísticas, pero introducindo o cruce destas destrezas. Introducimos a aprendizaxe por “tarefas” para integrar e sintetizar as diversas competencias; haberá ademais exercicios de reflexión. Insistiremos nunha aprendizaxe en espiral sucesivas.

A programación prevista incorpora a avaliación actual da didáctica das linguas estranxeiras. Desenvolve a capacidade de interactuar nas situacións das habilidades do uso oral da lingua: escoitar, falar, conversar, así como as habilidades ler e escribir, e potencia tanto as destrezas produtivas coma as receptivas, dando á comprensión un lugar relevante (escoitar e comprender, ler e comprender).

O obxectivo fundamental da práctica metodolóxica é o desenvolvemento dunha competencia comunicativa mediante a adquisición de destrezas produtivas (expresión oral e escrita) e receptivas (comprensión oral e escrita), baseadas na interacción ou mediación.

As actividades de aprendizaxe constituirán o núcleo de planificación didáctica e nelas integraranse os obxectivos, os contidos e a avaliación que conforman as distintas unidades de programación. Proporanse actividades que permitan ao alumno a adquisición dunha competencia comunicativa o que implica traballar os bloques seguintes: escoitar, ler, escribir e falar.

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial (corentena) , ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Na planificación das actividades teranse en conta unha serie de criterios metodolóxicos:

- Os coñecementos previos dos alumnos
- A necesidade de adaptar a temporalización da práctica metodolóxica ao ritmo de aprendizaxe dos alumnos.
- A necesidade de fomentala lectura.
- A necesidade de fomentar a interdisciplinariedade.
- O erro forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Os contidos abordaranse de forma estruturada (léxico, fonética, contidos sintáctico discursivos...) e, lóxica, e tendo en conta a diversidade de capacidades, motivacións, intereses e peculiaridades que presente o grupo de alumnos.
- Potenciarase un enfoque baseado en competencias, o que supón traballar os seguintes bloques: comprensión oral e expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita e, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos, o que permitirá desenvolvela competencia en comunicación lingüística.

Por outra banda, teremos estratexias metodolóxicas:

- Uso de estratexias de comprensión: comparación coa lingua materna, dedución do significado polo contexto.
- Asimilación de contidos a través da análise do contexto, da observación da iconografía ou ilustracións, e da reutilización dos contidos.
- Comparación coas linguas maternas.
- Identificación da información principal e de ideas claves.
- Repetición de estruturas lingüísticas na reprodución simulada ou real de situacións de comunicación oral ou escrita.
- Indagación e investigación sobre documentos ou textos.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos.
- Comentario de textos.
- Preparación, realización e exposición de proxectos.
- Memorización comprensiva.

Estratexias de Comprensión de Textos Orais:

- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir de imaxes, música.
- Repetición (reescoitar o texto gravado)

Estratexias de Produción de Textos Orais:

- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da reiteración.

- ❖ Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais.
- ❖ Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica.

Estratexias de Comprensión de Textos Escritos:

- ❖ Mobilización de información previa a partir de imaxes ou títulos de cabeceira.
- ❖ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados.

Estratexias de Produción de Textos Escritos:

- ❖ Uso adecuado de recursos lingüísticos.
- ❖ Expresión da mensaxe con claridade.
- ❖ Presentación coidada

***Agrupamentos***

✓ Dada a situación sanitaria actual os alumnos traballarán individualmente na aula co seu material indicado a principios de curso.

✓ Realizarán actividades de forma individual na casa como traballo complementario.

✓ Realizarán proxectos de xeito individual ou en grupos colaborativos para reforzar a súa autonomía se a situación sanitaria nolo permita e sempre respectando as normas.

***Tempos***

O horario establecido para cada sesión de clase é de 50 minutos, a razón de 2 sesións semanais, agás os venres, con sesións de 45 minutos.

## 11. MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais e recursos didácticos constitúen uno dos factores determinantes da práctica educativa, xa que facilitan a consecución dos obxectivos educativos.

Existe unha ampla variedade de materiais curriculares. Estes materiais e recursos nunca serán seleccionados ao azar, primando para a súa adquisición criterios de rentabilidade didáctico-pedagóxica e de non discriminación entre os alumnos. É preciso sinalar.

***Recursos no centro***

✓ Aula de clase asignada ao grupo de alumnado con portátiles do PLAN EDIXGAL con conexión a Internet  e con encerado dixital en todos os cursos da ESO.

✓ Biblioteca do centro con mamparas.

✓ Patio de recreo.

✓ Aula de informática

✓ Espazo virtual: Eva-Edixgal, Instagram de Francés e correo electrónico.

***Materiais curriculares***

Dado que o alumnado posúe un ordenador que o centro lle proporciona ao principio do curso académico, que o centro forma parte do proxecto Edixgal, non se vai empregar libro de texto nin libro de exercicio. Será a profesora quen elabore un cartafol de francés e colgará, unidade por unidade ou lección por lección o material que o alumnado precise.

Tamén, o devandito material, sexan fichas de exercicios ou contidos teóricos poderán darse en formato papel na aula.

En todo caso, todo o que se empregue na aula será colgado en EVA-EDIXGAL.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

***MEDIDAS ORDINARIAS:*** Adoptaranse as medidas previstas no Real decreto 1.105/2014 do 26 de decembro, no que se regulan medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares. Tratarase na medida do posible de adecualo proceso de ensino-aprendizaxe no caso de alumnado con necesidades ou dificultades específicas; e fomentala súa inclusión no grupo de alumnos.

Adoptaranse as medidas que se consideren oportunas para adecuar a intervención pedagóxica ás necesidades específicas do alumnado. Tanto no caso de alumnado con dificultades para seguir o currículo establecido como doutros que presenten determinadas dificultades sensoriais ou como noutros casos que se poidan detectar, tratarase de fomentar a colaboración e a solidariedade sobre todo no que se refire a non permitir que se emitan xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión ou de produción dos alumnos.

Concreción de medidas:

✓ Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a teoría das intelixencias

múltiples de Gardner.

✓ Prever para un mesmo obxectivo/contido varias actividades de menor a maior dificultade.

✓ Adaptar os contidos en base a unha atención individualizada, por exemplo:

>Asociación texto-imaxe.

>Pescuda de información global ou específica.

>Pescuda de información guiada.

>Dedución do significado polo contexto.

>Explotación de elementos lingüísticos a través de soportes multimedia.

✓ Realizar diferentes tipos de avaliación se fose necesario.

***MEDIDAS EXTRAORDINARIAS***

| Organizativas | Curriculares |
|---|---|
| ▪ Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL:<br>-Alumnado con graves dificultades na área de linguas asiste a reforzo fora da aula de PT en horas de francés segunda lingua estranxeira. -Atenderase ó disposto no artigo 19 Real Decreto 1.105 do 26 de decembro: medidas de reforzo para a recuperación do desfase curricular de alumnos con graves carencias na área de linguas.<br>-Seguiranse as pautas que estableza o departamento de orientación a principios de curso para o alumnado con dificultades e adoptaranse as medidas que se acorden nas sesións de avaliación inicial.<br>▪ De ser o caso , grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro): | ▪ Adaptacións curriculares na materia:<br>No artigo 16.2 do Real Decreto 1105 do 26 de decembro prevese a posibilidade dunha organización flexible das ensinanzas.<br>▪ De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.<br>▪ Alumnado con flexibilización na escolarización. |
| proporcionarase apoio ou material en colaboración con outros departamentos, dentro da posibilidades do profesorado (hora de atención a alumnado)<br>■ Outras medidas organizativas: proposta de actividades de aprendizaxe e de avaliación a través: da aula virtual de francés, do profesor titor asignado ao alumno/a, do profesor particular asignado ao alumno/a, excepcionalmente por correo ordinario e/ou a través de correo electrónico, por motivo de:<br>-escolarización domiciliaria<br>-escolarización combinada<br>-hospitalización<br>Atenderase ó acordado co departamento de orientación e coa familia ou titor legal do alumno/a. | |

Por outra banda, traballarase sempre coa colaboración do Departamento de Orientación que nos guiará en canto ás medidas e actividades específicas para cada característica de cada alumno.

Con todo, debemos subliñar que o alumnado con máis dificultades nos dous primeiros cursos da ESO é exento de francés para asistir a clase de reforzo nesas dúas sesións semanais. Polo tanto, é moi pouco probablemente que se aplican medidas extraordinarias nas aulas de Francés, Segunda Lingua Estranxeira.

## 13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E CONMEMORACIÓNS

Os valores democráticos, de tolerancia, igualdade de xénero, igualdade de oportunidades deben integrarse de maneira implícita ou explícita como contidos transversais, no proceso de ensino aprendizaxe. A educación en valores é inherente ao proceso de socialización dun alumno na sociedade, como futuro cidadán activo.

Por outra banda, é imprescindible tratar de inculcar, o respecto, o traballo cooperativo, solidario e responsable entre os alumnos co obxecto de fomentar un clima de convivencia pacífico e favorable para toda a comunidade educativa.

No Real decreto 1105/2014 do 26 de decembro regúlanse de forma xeral os aspectos xerais referidos ós elementos transversais no seu artigo 4 (punto 1): "A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa."

Trátase de contidos de especial relevancia que serán integrados no proceso de ensino aprendizaxe en tanto que contribúen ó desenvolvemento persoal e integral dos alumnos, así como á transmisión de valores e actitudes positivas:

- ✓ a educación a igualdade de oportunidades
- ✓ a educación para a saúde
- ✓ a educación para a paz
- ✓ a educación para interculturalidade
- ✓ a educación para a tolerancia
- ✓ a educación para a non discriminación
- ✓ a educación para o consumo responsable
- ✓ a educación para a conservación do medio ambiente
- ✓ a educación en valores (tolerancia, respecto, empatía…)

Na materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira traballaranse como contidos integrantes do currículo os seguintes elementos transversais ao longo do curso:

- A comprensión lectora
- A educación en Igualdade
- O feminismo
- A educación en valores
- A educación para a saúde
- A educación para a interculturalidade
- A educación para o consumo responsable e a preservación do medio ambiente.

En canto ás conmemoracións, participaremos activamente nas seguintes:

31 de outubro: O Samaín bretón e galego

25 de Novembro: Día internacional contra a violencia de xénero

2 de febreiro: O día das crêpes

24 de febreiro: Día de Rosalía de Castro

8 de marzo: Día internacional da Muller

20 de marzo: Día da Francofonía

9 de maio: Día de Europa

## 14. PARTICIPACIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO

### 14.1. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Para o desenvolvemento dos proxectos en cada unidade didáctica e para o desenvolvemento das actividades previstas na aula, será imprescindible obter información utilizando as novas tecnoloxías; algún dos produtos finais requerirán o uso de recursos audiovisuais.

A aula virtual e o emprego das Redes Sociais dedicadas á didáctica do idioma francés servirán de soporte para as devanditas actividades e proxectos.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación deben ter ampla presenza na clase de lingua, como elemento básico que son de comunicación e información na sociedade actual. As TIC serán abordadas na materia da seguinte maneira:

- Elaboración de traballos de investigación usando como fonte de información formatos dixitais.
- Presentación oral de traballos con apoio audiovisual elaborado polo alumnado: (uso de power-point, movie-maker, spreaker e tiktok).
- Uso da aula de informática e dos equipos abalar, en función das posibilidades horarias e técnicas, para a realización de tarefas e traballos en grupo.

- Uso como recurso didáctico do Instagram de Francés laclassedevanessa para actividades de reforzo e ampliación. Dado que se trata dunha rede social, avisaremos ás familias do seu uso exclusivamente didáctico.

## 14.2. PROXECTO LECTOR

A configuración do Plan Lector garda relación directa coa proposta metodolóxica para acadar a competencia comunicativa, xa que se consta da comprensión escrita. Polo tanto, en cada unidade didáctica traballaremos con textos. O noso obxectivo será formar lectores e lectoras competentes en lingua francesa.

Os nosos obxectivos, a través do traballo con textos son os seguintes:

- Que o alumnado entenda o texto segundo o contexto
- Traballar con situacións e temas diversos, puntos de apoio para a oralidade
- A lectura en voz alta dos textos escollidos permitirán traballar, á súa vez, a fonética e pronunciación
- Traballar con textos ligados aos temas transversais.

## 14.3. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A mellor contribución da materia a Plan de Convivencia céntrase en dous elementos transversais á mesma:

A metodoloxía escollida: o traballo en base a proxectos e recorrendo a dinámicas de grupo cooperativas favorece o tratamento entre iguais, contribúe a unha mellora do auto-concepto do alumnado e a comprensión de que nun ambiente de traballo colaborativo e non competitivo diminúen os conflitos e aprendemos a xestionalos.

A importancia do diálogo e da palabra para evitar e solucionar conflitos cotiáns, fomentando un ambiente de aula democrático e respectuoso cos dereitos das persoas.

Centrar as clases na conversa e no diálogo axuda a desenvolver estratexias para minimizar o dano cando nos comunicamos con outras.

Con todo, se un alumno ou alumna dificulta a aprendizaxe dos demais compañeiros, chamarase ás familias para que se corrixa o devandito comportamento negativo. Se o alumno ou alumna segue a mesma actitude, tomaranse medidas oportunas.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares son fundamentais para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira e para que o alumnado adquira autonomía.

Dado a situación sanitaria pola que estamos a pasar, non podemos prever actividades xa que, deberán axustarse ás restricións.

Con todo, gustaríanos realizar as seguintes actividades:

- Realizar o Día das crêpes no CPI
- Celebrar o Día de Europa
- Facer a tradución e a lectura dun poema de Rosalía de Castro para o seu día.
- DELF B1 para o alumnado de 4ºESO que quixera presentarse ao exame oficial. Habería que facer clases preparatorias.
- Telexornal do CPI
- Radio Francofonía
- O Festival da Canción Francófona
- Teatro en Francés (A Coruña ou Santiago de Compostela)
- Saída a Numax para ver unha película en francés
- Exposición sobre a emigración nos países de fala francesa en Cuntis coa colaboración do Departamento de Lingua Galega.
- Colaboración co Departamento de Bioloxía "Meteosat".
- Todas as ideas de actividades factibles ao longo do curso académico.

## 16. INDICADORES DE LOGRO E SISTEMA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Un dos aspectos que non podemos esquecernos de avaliar é o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente. Para un desenvolvemento axeitado e á vez simplificado deste apartado elaboramos unha serie de indicadores de logro que recollen as catro dimensións básicas que cremos reúnen os indicadores máis significativos para abordar a práctica docente:

• Seguimento da programación.

• Atención á diversidade

• Exercicios, actividades e tarefas na aula

• Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.Cando comezamos un módulo novo, presentámoslles aos alumnos os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como seránavaliados… | | | | |
| 2.Motivamos aos alumnos comunicándolles os obxectivos que queremos conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creándolles expectativas. | | | | |
| 3.Deseñamos distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos. | | | | |
| 4.Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar. | | | | |
| 5.As actividades que propoñemos están relacionadas con situacións cotidiana da vida real e o alumnado enténdeo. | | | | |
| 6.Propoñemos actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (búsqueda de información, traballos, investigacións…). Definimos os obxectivos básicos do traballo para logo avalialo | | | | |
| para logo avalialo. 7. Corriximos e explicamos de forma habitual os traballos e actividades do alumnado , e damos pautas para a mellora da súa aprendizaxe. | | | | |
| 8.En función das características de cada alumno/a, plantexamos tarefas e logros diferentes. | | | | |
| 9.Empregamos metodoloxías diversas que favorezan o desenvolvemento dunha actitud positiva do alumno/a e que teñan en conta os seus intereses. | | | | |
| 10. Variamos a organización do grupo-clase (traballo individual, en parellas, en pequeno grupo, en gran grupo, organizamos axudas entre iguais en base aos perfís diferentes dos alumnos…) | | | | |
| 11.Empregamos recursos e materiais variados para a aprendizaxe da lingua: libro, material audiovisual, material impreso, ferramentas TIC… e seleccionámolos en función da súa idoneidade. | | | | |
| 12.Traballamos os temas transversais. | | | | |
| 13.Temos en conta os acordos cos compañeiros do noso departamento e do de Lingua castelá polo menos. | | | | |
| 14.Utilizamos diferentes tipos de probas de avaliación (exames, traballos individuais, traballos en grupo, exposicións orais…) | | | | |
| 15.Utilizamos diversos instrumentos de rexistro e diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | | | |
| 16.Analizamos os resultados e temos en conta aqueles alumnos que se alonxan da media tanto por arriba como por abaixo. | | | | |
| 17.Propoñemos novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron acadados. | | | | |
| 18.Propoñemos novas actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade. | | | | |

Por outra banda, o alumnado realizará unha enquisa ao final de cada avaliación para que opine e faga suxerencias en canto ao ensino-aprendizaxe e á metodoloxía. As devanditas enquisas elaboraranse segundo o ocorrido durante o trimestre.

A profesora anotará todo o que ocorra nas aulas a través da aplicación Additio, ferramenta dixital que non é outra que o caderno de notas da profesora. Do mesmo xeito, a través desta ferramenta, a profesora poderá elaborar rúbricas de avaliación de todo tipo que ensinará e explicará ao seu alumnado.

Finalmente, ao final do curso académico a profesora, na memoria do curso para a materia indicará un plan de mellora da práctica para o vindeiro curso. Do mesmo xeito, indicará cales foron as actividades que máis gustaron ao alumnado para que, se non repetise centro, a nova profesora poida seguir facéndoas.

## 17.O CONTEXTO COVID

En relación á situación sanitaria que estamos a pasar, deberemos atender a varios escenarios posibles durante este curso académico.

En primeiro lugar, respectaremos estritamente as normas anti-covid do centro que van desde a ventilación da aula ata a hixiene das mans. Todo o claustro debe participar e respectar as normas para evitar contaxios durante o curso académico.

Con todo, se un alumno ou unha alumna non asiste a clase por mor da Covid, contemplamos o seguinte:

O/a alumno/a está en corentena por ser contacto directo:

- Asistirá a clase en videoconferencia e disporá de todo o que precise para o seguimento das aulas no EDIXGAL
- Manterase unha comunicación estreita co devandito alumno a través de distintos soportes e como lle resulte máis doado ao alumno: mensaxería EDIXGAL, correo electrónico, Instagram de francés, espazo ABALAR ou mesmo chamadas telefónicas.
- O alumno ou alumna en corentena deberá facer o traballo de clase
- Se a persoa está confinada coincidindo co exame, faráselle o devandito exame cando se reincorpore e cunhas datas flexibles para que o poida superar sen dificultades.

O alumno ou a alumnado é positivo en Covid:

- Entendemos que está de baixa xa que se trata dunha enfermidade, polo tanto, o alumno ou alumna contaxiado non terá a obriga de seguir as clases de xeito virtual aínda que, se así o desexa, asistirá en videoconferencia. Por outra banda, facilitarase todo o material e a profesora porase en contacto co devandito alumno para seguir a súa evolución.
- Se coincide con algún tipo de probas, faráselle a devandita proba cando se reincorpore e cunhas datas flexibles para que a poida recuperar sen maior dificultade.

Firmado: A Xefa de Departamento

Vanessa Martínez Gómez

Cuntis, 25 de setembro de 2021.